Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local relativo á comunicación previa de primeira ocupación da entidade **Canarigal Fuerteventura, S.L.**, e atopado erro na redacción do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á subsanación do mesmo, resultanto o novo acordo tal como segue:

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

25327 13.10.2026 CANARIGAL FUERTEVENTURA, S.L., comunicación previa de primeira ocupación de construción de edificio de vivendas na Avenida do Malecón, nº 69, Ribeira. (2026 LIC-000084)

20.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS. PROMOTOR: ALBERTO GONZÁLEZ AYASO. LUGAR: LUGAR DO VILAR,CARREIRA, RIBEIRA

VISTA a solicitude de **licenza de segregación** de parcela con refª catastral nº 15074A013002610000KH sita no Lugar do Vilar, Carreira, Ribeira, da que é promotor **D. Alberto González Ayaso**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **11 de novembro de 2026.**

VISTO o **informe xurídico** emitido con data **12 de novembro de 2026** polo **técnico de Administración xeral** adscrito ao Departamento Municipal de Urbanismo

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **13 de novembro de 2026**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que procede adoptar o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a **D**. **Albergo González Ayaso** a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 9/26)** con refª catastral nº 15074A013002610000KH sita no Lugar do Vilar, Carreira, Ribeira nos termos do Proxecto de segregación refundido redactado pola arquitecta Dna. Pilar García Alboreda, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 9 de outubro de 2026 así como Proforma de Escritura de Segregación de Parcela, presentada o día 9 de outubro de 2026, (Rexistro de entrada nº 25.223).

-SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubre, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

21.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ EUGENIO MILLÁN MUÑIZ, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDADE COMO CONSECUENCIA DA CAÍDA DUNHA ÁRBORE. EXPEDIENTE 2026 RESP0000007.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. José Eugenio Millán Muñiz** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 18 de febreiro de 2026, o Sr. José Eugenio Millán Muñiz, con DNI número 76.515.937-C, conducía o seu vehículo marca Audi Q2, con placas de matrícula 2684MFD, cando ó dispoñerse a acceder ó seu garaxe sito no número 5 da Avenida de Lugo, unhas das árbores da citada Avenida bateu enriba do automóbil, o que provocou que o condutor realizara unha manobra que lle ocasiono danos na parte traseira do lado dereito do vehículo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/02/2026 co número 20264298, D. José Eugenio Millán Muñiz, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía total de 282,76 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación:

- Presuposto de reparación do vehículo emitido por "*Mecánica Xarás S.L.*" na data 19/02/2026.
- Tres fotografías da árbore caída.
- Xustificante do abono do exercicio 2025 I.V.T.M. do vehículo.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

- Dúas fotografías dos danos do vehículo.
- Copia do permiso de circulación.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 28/05/2026 pola Policía Local do Concello de Ribeira; parte de servizo número PAS/26/00295 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira; informe emitido na data 19/05/2026 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira; escrito presentado polo reclamante, rexistrado de entrada na data 07/05/2026, no que achega factura de reparación dos danos e declaración de non ter recibido indemnización; e informe emitido na data 16/10/2026 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do/a Alcalde/sa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, e no concernente ós aspectos formais do expediente, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo consta na documentación que forma parte deste expediente, o Sr. Millán Muñiz é o titular do vehículo á data do sinistro, polo que ostenta lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.**

Segundo o informe emitido na data 16/10/2026 pola enxeñeira municipal, a rúa na que tivo lugar o accidente é de titularidade municipal, polo que a lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como así se desprende do orzamento e posterior factura de reparación dos danos daquel que o reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Da documentación achegada ó expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A policía local no parte de servizo nº PAS/26/00295,** dispón o seguinte: "*Personados en el lugar, se observa como a consecuencia del temporal que arreciaba ese día, uno de los árboles que hay en Rúa de Lugo cedió y se encuentra tumbado como se aprecia en las fotografías adjuntas. En el lugar se encuentra el alertante que* ***manifiesta que se encontraba maniobrando para meter su coche en el garaje cuando sintió el golpe del árbol en su parte trasera y a consecuencia del mismo modificó instintivamente la trayectoria, rascando la parte trasera derecha de su vehículo como se observa en las fotografías adjuntas contra la entrada del garaje allí situado. A juicio de los agentes, los daños en el vehículo son compatibles con la versión aportada por el perjudicado****.*"
- No informe emitido na data 28/05/2026 a Policía Local dispón o seguinte: "*Que a las las 10:12 horas del día 18 de febrero de 2026, fuimos requeridos a través de la Sala Operativa de la Policía Local, comunicando que en la Rúa Lugo de Ribeira a la altura del número 5 de Ribeira, se habían producido daños en un vehículo tras la caída de un árbol, de los cuales se realizó el Parte de Servicio Nº PAS/26/00295,* ***ratificándonos en lo expuesto en el citado Parte de Servicio****, el cual se adjunta. Tras la inspección ocular del lugar de los daños del vehículo Audi Q2 con placas de matrícula 2684MFD, se pudo comprobar que como consecuencia del temporal que arreciaba ese día, un árbol ornamental que hay en frente del garaje del conductor del vehículo, había cedido y se encontraba tumbado. Los daños observados en el vehículo se localizaron en la parte trasera derecha del vehículo.*"
- **O capataz de xardíns en informe emitido na data 19/05/2026 informa o seguinte**: "*Los arbustos de la Av de Lugo, no caen por los efectos del clima. En las fotos mostradas por el reclamante, se ven rotas las dos estacas que sujetan la adelfa y ésta casi no tiene peso, por lo que es imposible que por efectos de climatología adversa rompan debido al grosor de éstas. La rotura de las estacas que sujetan dichos arbustos, son causadas por los vehículos de reparto (en su mayoría camiones) que acceden a dicho lugar marcha atrás, no viendo los arbustos y dañándolos. Este hecho se produce con mucha frecuencia y la brigada de jardines ya repuso varias estacas que sujetan las adelfas por ese motivo en numerosas ocasiones.* ***No puedo afirmar que los daños se produjeran ese día y por ese motivo.***"
- A enxeñeira municipal informa que non tivo coñecemento dos feitos obxecto da reclamación, xa que o departamente competente é o de medio ambiente, espazos verdes/naturais e xardíns. Non obstante, en cando á titularidade do lugar do accidente, dispón que: "*La Rúa de Lugo es una vía de titularidad municipal, por lo que su conservación y mantenimiento es competencia del Ayuntamiento.* ***Como consecuencia de esto, los árboles existentes en la misma o cualquier otro mobiliario urbano de la calle son propiedad del ayuntamiento de Ribeira, a quien corresponde su mantenimiento.***"

Do exame da proba practicada no presente expediente, colíxese que resulta xustificado de xeito suficiente o vínculo causal, pois aínda que o capataz de xardíns non pode afirmar que aqueles se produciran como relata o reclamante e a enxeñeira non tivera

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

constancia do sucedido ó non ser o seu departamento o competente, do recollido pola Policía local no Parte de servizo realizado como consecuencia do accidente e ratificado no informe emitido na data 28/05/2026, permítese formar convicción sobre a veracidade dos feitos, non resultando acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a neglixencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Audi Q2, matrícula 2684MFD, propiedade de José Eugenio Millán Muñiz.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/11/2026, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/11/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Eugenio Millán Muñiz, na contía total de 286,76 euros.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas. Mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 132,76 euros.

22.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR Dª ANA Mª FIDALGO LÓPEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. GONZALO DE VICENTE GÓMEZ, POLOS DANOS E LESIÓNS OCASIONADOS POR MOR DA CELEBRACIÓN DA XXXII EDICIÓN DO JRAN PRIX DE CARRILANAS. EXPEDIENTE 2023 RESP000038.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dª ANA Mª FIDALGO LÓPEZ, en nome e representación de D. GONZALO DE VICENTE GÓMEZ,** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Na data 22 de xullo de 2023, D. Gonzalo de Vicente Gómez asistía como espectador á celebración da XXXII edición do Jran Prinx de Carrilanas celebrado no municipio de Ribeira con motivo da celebración das festas da Dorna, cando unha das carrilanas que descendía pola rúa na que se estaba a celebrar o evento, desviouse do seu traxecto, alcanzando ó Sr. De Vicente Gómez que, como consecuencia do impacto, sufriu diversas feridas das que tivo que ser atendido no servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, no que lle diagnosticaron "*traumatismo nocello esquerdo".*

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 27/09/2023, co número 202300022428, Dª Ana María Fidalgo López, en nome e representación de D. Gonzalo de Vicente Gómez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesións sufridos por mor do mencionado accidente que cuantifica na contía total de 2.217,55 euros, más os xuros que legalmente correspondan, referida a

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

2.142,60 euros por 60 días de prexuízo grave e 74,95 euros polo calzado que resultou danado como consecuencia do sinistro.

Co seu escrito de reclamación, achega a seguinte documentación:

- DNI de D. Gonzalo De Vicente Gómez.
- Informe de alta de urxencias emitido na data 22/07/2023 pola Doutora Ana Mª Maroño Díaz do Hospital da Barbanza.
- Informe emitido na data 19/09/2023 polo Centro Médico Adeslas.
- Unha fotografía da zapatilla deportiva danada.
- Unha fotografía da caixa das zapatillas danadas na que se observa o prezo das mesmas.

Segundo.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 22/12/2023 co número 202300029628, e a requirimento desta Administración, o reclamante achega autorización para a súa representación a favor de Dª Ana Mª Fidalgo López.

Terceiro.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 13/06/2025 co número 202500014558, Dª Ana Mª Fidalgo López, en nome e representación de D. Gonzalo De Vicente Gómez, solicita o impulso do procedemento administrativo ó non ter recibido comunicación algunha por parte do Concello, en relación ó expediente incoado a instancia súa.

Dita solicitude reiterase mediante escrito rexistrado de entrada na data 08/09/2025 co número 202500021381.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Dous vídeos do accidente remitidos na data 03/10/2023 pola Sra. Fidalgo López por correo electrónico, ó non poder ser enviados pola sede electrónica, e que se incorporan ó expediente administrativo.
- Escrito presentado pola reclamante achegando informes médicos, rexistrado de entrada na data 05/04/2024 co número 202400008520.
- Informe emitido na data 05/05/2026 polo departamento de cultura e festexos do Concello de Ribeira.
- Parte de Servizo número 07639 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira na data do accidente.
- Informe emitido na data 06/05/2026 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 14/05/2026 polo capataz do G.A.E.M. do Concello de Ribeira.
- Informe emitido pola Asociación Cultural R. e. I. Cofradía da Dorna, rexistrado de entrada na data 22/05/2026 co número 202600012115.
- Certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 09/02/2023 en relación ás achegas para a promoción de proxectos desenvolvidos na liña de actividades culturais. Exercicio 2022.
- Certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 09/03/2023 en relación á solicitude de celebración da II carreira de matriarcas e evento musical pola A.C.R. e. I. Cofradía da Dorna.
- Certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 17/08/2023 en relación á solicitude de colaboración

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

municipal para celebración do evento benéfico en Aguiño da R. e. I. Cofradía da Dorna.

- Certificado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 07/12/2023 en relación á achega concedida á Asociación Cultural R. e. I. Cofradía da Dorna.
- Certificado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 14/12/2023 en relación ás achegas para a promoción de proxectos desenvolvidos na liña de actividades culturais. Exercicio 2023.
- Certificado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 28/12/2023 en relación á solicitude para realizar as *"Badaladas de mediodía"* e posterior concerto musical pola Asociación Cultural R. e I. Cofradía da Dorna.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles.

A este respecto, consta presentado escrito de alegacións por parte do reclamante (rexistrado de entrada na data 13/10/2026 co número 202600025283), e no que reitera a súa petición inicial.

Non constan presentadas alegacións por parte da Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, nin por parte da entidade Mapfre en concepto de aseguradora do Concello de Ribeira.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso**, está lexitimado o Sr. Gonzalo De Vicente Gómez para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende** por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 22/07/2023 cando asistía á celebración da XXXII edición do Jran Prix de Carrilanas, que se celebrada no municipio de Ribeira por mor das Festas da Dorna, **e fíxoo en tempo e forma idóneas** por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

Actúa representada por Dª Ana Mª Fidalgo López que acredita debidamente a representación coa que actúa.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, **o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e das lesións sufridos polo Sr. De Vicente Gómez**. Así se deduce dos informes médicos que achega o reclamante e demais documentación en relación ós danos materiais reclamados.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos e as lesións producidos, por canto o reclamante conecta aqueles coas deficientes medidas de seguridade adoptadas polo Concello de Ribeira na realización do citado evento festivo.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

1º).- O departamento de cultura e festexos do Concello de Ribeira en informe emitido na data 05/05/2026 dispón o seguinte: "*O Jran Prinx de Carrilas é unha das actividades que conforma a programación das Festas da Dorna dende os seus inicios. Tanto esta proba, que consiste nunha baixada de vehículos elaborados de forma artesanal pola costa da Mámoa en Ribeira, como o resto da programación enmarcada nas Festas da Dorna* ***son organizadas e coordinadas pola Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna*** *(...)." Na área municipal de Cultura e Festexos, consta que no exercicio 2023 a Real e Ilustre Cofradía da Dorna celebrou a Festa da Dorna do 18 ao 24 de xullo así como a seguinte documentación:*

a) *Caderno de Bitácora coa programación e cronograma de actividades.*
b) *Declaración Responsable asinada por Sara Sevilla Iglesias, en calidade de Presidenta da Real e Ilustre Cofradía da Dorna (20/7/2023).*
c) *Póliza de Responsabilidade Civil e Plan de Seguridade (presentado no rexistro municipal 202316766 de data 10/07/2023).*
d) *Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Ribeira e a Real Ilustre Cofradía da Dorna (Decreto de Alcaldía de data 05/7/2023, asinado polos representantes de cada unha das entidades o 06/7/2023) co obxecto de regular o apoio económico para a organización da Festa da Dorna.*
e) *O Concello de Ribeira financiou, fóra do antedito convenio, gastos referidos a: conexións eléctricas, imprenta, servizos hixiénicos e limpeza, proxecto e dirección de obra da instalación eléctrica temporal, e actuación do grupo Mekánica Rolling Band."*

2º) A Policía Local do Concello de Ribeira no parte de servizo número 07639 realizado na data 22/07/2023, da conta das manifestacións dunha persoa, **distinta ó reclamante**, en relación a un accidente sufrido na referida data como consecuencia da perda de control dunha carrilana que baixaba pola rúa e que fixo que impactara contra as vallas existentes desprazando ás persoas situadas preto delas cara o chan.

3º).- En informe emitido na data 06/05/2026 a Policía Local dispón o seguinte: "*1. Se tuvo conocimiento previo del evento XXXII JRAN PRIX DE CARRILANAS al igual que los restantes departamentos susceptibles de implicación, si bien, este cuerpo no participó en su autorización, pero sí en la supervisión de las medidas previstas en el dossier elaborado por la R. e I. Cofradía da Dorna, organizador del evento. 2. Este cuerpo policial no emitió informe previo sobre la seguridad o viabilidad del evento. 3. Se realizó el control de tráfico habitual mediante el corte de diferentes vías, utilizando para ello señalización de entrada prohibida, dirección obligatoria, vallas, prohibición de estacionamiento y cartelería complementaria informativa, todo ello con el propósito de impedir el acceso de vehículos al trazado dispuesto por la organización, el cual puede observarse en croquis demostrativo que se adjunta al presente. 4.- Para garantizar la seguridad vial, el evento contó con la presencia de 15 efectivos policiales encargados de la vigilancia y disciplina del tráfico, así como 10 voluntarios de protección civil colaborando en labores informativas de cara a los usuarios de la vía (...). 5. No se detectó incidencia alguna o riesgo con carácter previo al accidente. 6.-* ***No se realizó atestado o informe del accidente****, si bien, existe un parte de servicio, el cual se adjunta en el expediente, en el que persona distinta a la interesada en el expediente objecto del presente informe, manifiesta haber sido víctima de un accidente acaecido con una de las carrilanas, si bien, no precisa el lugar exacto del suceso. 7.* ***El responsable de la instalación de las medidas de seguridad previstas para la protección del público espectador es la asociación organizadora R. e I. Cofradía da Dorna,*** *la cual mediante la colaboración de algunos participantes en la fiesta, procedieron a la colocación de barreras de plástico tipo New Jersey, encastradas entre si a lo largo de todo el recorrido y lastrados parcialmente con agua y por secciones. 8. Las barreras instaladas antes mencionadas, estaban encastradas*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

entre si y lastradas parcialmente con agua por secciones, lo que hace que una persona difícilmente las hubiese desplazado aplicando fuerza, si bien, no resulta una medida de seguridad absolutamente suficiente para la protección del público asistente, en el caso de un accidente similar e incluso de mayor entidad que el que ocupa el objeto del presente informe. 9.- No se apreciaron posibles incumplimientos de la normativa aplicable en materia de seguridad. 10.- Se desconoce el estado y situación del Sr. Gonzalo de Vicente Gómez en el momento del suceso del accidente. 11.- Para cobertura del evento, había presente en el lugar con objeto asistencial, una ambulancia, personal del Grupo de Emergencias Municipal, voluntarios de Protección Civil y numeroso personal voluntario de la organización del evento. 12.- Una vez producido el suceso, se procedió a la suspensión temporal del evento mientras duraron las labores asistenciales de los posibles perjudicados y la reposición de las medidas de seguridad. El evento se reanudó nuevamente sin modificaciones hasta su finalización."

4º).- En informe emitido na data 14/05/2026 polo capataz do GAEM (Grupo de Atención Emerxencias Municipal), disponse o seguinte: *"1. Se tuvo conocimiento previo del evento JRAN PRIX DE CARRILANAS donde el grupo de emergencias municipal no participó en su autorización, pero si en la supervisión de las medidas previstas en el dossier elaborado por el organizador del evento. 2. El grupo de emergencias municipal no emitió informe previo sobre la seguridad o viabilidad del evento.* ***3. Se colaboró con el control de tráfico con la policía local y los voluntarios de la organización.*** *4.- Para el dispositivo se movilizó a 7 miembros del grupo de emergencias, 15 efectivos policiales encargados de la vigilancia y disciplina del tráfico, y 10 voluntarios de protección civil colaborando en labores informativas. 5. No se detectó incidencia alguna o riesgo con carácter previo al accidente. 6.* ***No se realizó informe del accidente puesto que ocurrió en una zona donde los responsables de dispositivo eran los voluntarios de la organización****. 7. El responsable de la instalación de las medidas de seguridad previstas para la protección del público espectador es la asociación organizadora R. e. I. Cofradía da Dorna. 8. Las barreras instaladas son unas new jersey que si están bien sujetas y rellenas de agua no se pueden apartar fácilmente. 9. No se apreciaron posibles incumplimientos de la normativa aplicable en materia de seguridad. 10. Desconocemos el estado y situación del Sr. Gonzalo de Vicente Gómez en el momento del suceso del accidente. 11.- Para el dispositivo se movilizó una ambulancia 7 gaem, 15 policías, 10 voluntarios de protección civil y más de 20 voluntarios de la organización. 12.- Después del accidente hasta que se despejó la zona se paró temporalmente y a continuación se reanudó."*

5º).- A Asociación cultural R.e.I. Cofradía da Dorna en informe rexistrado de entrada na data 22/05/2026 co número 202600012115, dispón o seguinte: "* ***1. Organización do evento e responsabilidades****.* ***O evento denominado "XXXII edición do Gran Prix de Carrilanas", celebrado o día 22/07/2023, foi organizado pola entidade Asociación Cultural R. e. I. Cofradía da Dorna****. Para a realización da citada actividade, a entidade organizadora presentou ante o Concello de Ribeira a documentación requirida e o correspondente plan de seguridade, aos efectos da súa avaliación e autorización administrativa. Tras a revisión da documentación presentada, o Concello de Ribeira emitiu a correspondente resolución de autorización para o desenvolvemento da actividade, así como a certificación acreditativa da mesma, en base á documentación e aos protocolos achegados pola entidade organizadora. A actividade desenvolveuse no marco da autorización outorgada, conforme ás condicións e medidas de seguridade previstas na documentación presentada, e coa coordinación dos servizos públicos competentes.* ***2. Seguro de responsabilidade civil****. Para a realización da actividade, a Asociación Cultural R. e. I. Cofradía da Dorna dispoñía dun seguro de responsabilidade civil en vigor, contratado coa compañía AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros (...). A póliza cobre a responsabilidade civil derivada da actividade da entidade, incluíndo a organización de eventos e actividades recreativas, contemplando os*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

danos persoais e materiais que poidan causarse a terceiros no desenvolvemento da actividade asegurada. (...) ***A entidade organizadora tiña coñecemento previo da realización do evento, ao ser a responsable da súa organización*** *(...). A actuación da entidade organizadora limitouse ás funcións propias da organización do evento, de conformidade coa autorización outorgada e coas condicións establecidas pola Administración municipal.* ***3. Plan de seguridade ou medidas de protección****. Para a realización da actividade existía un plan de seguridade previamente elaborado pola Asociación Cultural R. e. I. Cofradía da Dorna e presentado ante o Concello de Ribeira para a súa valoración no marco do procedemento de autorización. Dito plan foi posto en coñecemento das autoridades e servizos públicos competentes, incluíndo Alcaldía, Concellería de Cultura, Policía Local, GAEM e Protección Civil, aos efectos de coordinación do dispositivo de seguridade previsto para o desenvolvemento do evento. O plan recollía, entre outras, medidas de carácter organizativo e preventivo dirixidas á ordenación do espazo e á protección de participantes e público, tales como a regulación do tráfico e estacionamento, a delimitación de zonas de seguridade, a previsión de dispositivos de emerxencias e a definición de protocolos de actuación ante incidencias, incluída a posible suspensión da actividade en caso de intervención dos servizos de emerxencia.* ***4. Presenza da entidade durante o evento****. Durante o desenvolvemento do evento, a Asociación Cultural R. e. I. Cofradía da Dorna contou coa presenza de persoal voluntario distribuído ao longo do percorrido, co obxectivo de apoiar a organización do evento e facilitar o seu correcto desenvolvemento (...).* ***6. Descrición do accidente.*** *Esta entidade non dispón de información suficiente para identificar con precisión o accidente concreto ao que se refire a reclamación obxecto do presente expediente, ao terse rexistrado varias incidencias durante o desenvolvemento da actividade. En consecuencia, non é posible realizar unha descrición detallada do accidente en canto a hora exacta, lugar concreto, circunstancias específicas ou posibles causas, ao non poder determinarse con certeza a que feito se refire a presente solicitude (...).* ***8. Responsable das medidas de seguridade****. (...)* ***A entidade organizadora foi responsable da implantación das medidas materiais previstas no citado plan,*** *tales como a colocación de valados, delimitación de zonas e demais elementos organizativos necesarios para o desenvolvemento do evento. Pola súa banda, os corpos e servizos públicos competentes (Policía Local, GAEM e Protección Civil), interviron no marco das súas funcións propias, consistentes na coordinación, apoio operativo, supervisión do dispositivo e intervención en caso de incidencia, no contexto da autorización administrativa outorgada polo Concello de Ribeira para o desenvolvemento da actividade. A coordinación entre as partes desenvolveuse ao longo do evento conforme ao dispositivo previsto.* ***9. Adecuación das medidas de seguridade.*** *(...) No tramo do percorrido correspondente ao descenso das carrilanas, habilitáronse elementos de balizamento e contención destinados á delimitación do espazo de circulación e á protección do público asistente, adaptados ás características específicas da zona. Na zona final do percorrido, na que as condicións de velocidade e risco son inferiores, empregáronse igualmente sistemas de delimitación e protección acordes coas características do tramo. (...)* ***10. Cumprimento da normativa.*** *Non consta a esta entidade incumprimento algún da normativa aplicable.* ***11. Situación do Lesionado****. Esta entidade non ten constancia nin rexistro de ter recibido comunicación previa relativa ao accidente ao que se refire a reclamación obxecto do presente expediente, nin de que o mesmo fose posto en coñecemento da organización no momento dos feitos. (...) No caso de achegarse información adicional que permita identificar de forma suficiente o suposto accidente e a súa posible vinculación co desenvolvemento da actividade, esta entidade procedería á súa análise e, de ser o caso, á súa tramitación nos mesmos termos que o resto de incidencias xestionadas durante o evento. (...)* ***13. Medios de auxilio no lugar****. Durante o desenvolvemento da actividade contábase cun dispositivo de apoio e atención a emerxencias, integrado polos servizos públicos competentes e polos*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

medios previstos no plan de seguridade. En particular, dispoñíase da presenza do GAEM, que aportaba un vehículo de emerxencias e unha motocicleta, ambos equiparados con botiquín para a atención inmediata de posibles incidencias. Así mesmo, contábase coa intervención da Policía Local, que participaba activamente no dispositivo, incluíndo a presenza dunha moto policial que precedía a cada carrilana autorizada a descender, co fin de facilitar o control do percorrido e a prevención de riscos. Conforme ao protocolo establecido, no caso de producirse unha incidencia que requirise a intervención dos servizos de emerxencia, procedíase á paralización inmediata da actividade, non reanudándose o descenso de carrilanas ata que os equipos actuantes indicasen que se restablecían as condicións de seguridade. ***14. Medidas adoptadas tras o accidente.*** *(...) En relación coa reclamación obxecto do presente expediente, esta entidade non dispón de información suficiente que permita identificar o accidente concreto ao que se refire, polo que non é posible detallar medidas específicas adoptadas no mesmo ao non constar a súa debida identificación nos rexistros dispoñibles. (...)"*

Observado o contido dos informes que se acaban de expoñer, na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos e lesións sufridos polo reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público municipal, é preciso avaliar si concorre o título de imputación esgrimido pola parte reclamante consistente no incumprimento por parte do Concello das medidas de seguridade na vía pública na que tivo lugar a celebración do Jran Prix de Carrilanas.

A estes efectos é preciso comezar sinalando que conforme se ven reiterando en múltiples pronunciamentos xurisprudenciais, valga por todos a Sentenza do Tribunal Supremo de 19 de outubro de 2004 (Ar. RJ 2004/7333) con cita á súa vez doutras anteriores como a de 14 de outubro de 2003 (Ar. RJ 2003/8236), a de 30 de setembro do mesmo ano (Ar. RJ 2004/586) ou a de 13 de setembro de 2002 (Ar. RJ 2002/8649): *"(...) la prestación por la Administración de un determinado servicio público y la titularidad por parte de aquella de la infraestructura material para su prestación no implica que el vigente sistema de responsabilidad patrimonial objetiva de las Administraciones Públicas, convierta a éstas, en aseguradoras universales de todos los riesgos con el fin de prevenir cualquier eventualidad desfavorable o dañosa para los administrados que pueda producirse con independencia del actuar administrativo, porque de lo contrario, como pretende el recurrente, se transformaría aquél en un sistema providencialista no contemplado en nuestro Ordenamiento Jurídico". Y, en la sentencia de 13 de noviembre de 1997, también afirmamos que "Aun cuando la responsabilidad de la Administración ha sido calificada por la jurisprudencia de esta Sala, como un supuesto de responsabilidad objetiva, no lo es menos que ello no convierte a la Administración, en un responsable de todos los resultados lesivos que puedan producirse por el simple uso de instalaciones públicas, sino que, como antes señalamos, es necesario que esos daños sean consecuencia directa e inmediata del funcionamiento normal o anormal de aquélla."*

No suposto analizado aínda cando a celebración do evento no que se produciron os danos reclamados tivo lugar nunha vía pública, non é posible apreciar que concorra o suposto xerador de responsabilidade ó que alude o reclamante por mor da adopción de medidas de seguridade deficientes por parte da Policía Local e de Protección Civil, ó faltar un elemento principal daquela como é o título de imputación básico consistente na organización administrativa da actividade en cuxo seo se produciu o dano.

Así se constata en todos os informes solicitados na instrución do expediente, incluso no emitido pola propia asociación cultural, nos que se deixa claro que a Asociación Cultural R.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

e. I. Cofradía da Dorna é a promotora, organizadora e responsable directa do desenvolvemento do evento no que resultou lesionado o Sr. De Vicente Gómez.

Todos os informes son contestes en afirmar que a intervención do Concello limitouse á supervisión das medidas de seguridade expostas no plan de seguridade presentado pola asociación cultural, ó control de tráfico habitual mediante o corte de diferentes vías por mor da celebración da carreira de carrilanas, e á presenza de efectivos policiais e de protección civil para garantir a seguridade viaria, sen que se apreciaran posibles incumprimentos das normas nesa materia. Esta intervención responde ó exercicio das súas competencias ordinarias de ordenación do tráfico e seguridade cidadá na vía pública, allea, por tanto, ó risco especifico do desenvolvemento da carreira de carrilanas, que é o desvío dunha delas dentro do circuíto habilitado. Así mesmo, a supervisión previa do plan de medidas de seguridade proposto pola entidade organizadora forma parte da actividade de policía administrativa.

Dos diferentes acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local que se achegan ó expediente tamén se constata que o Concello concedeu unha serie de axudas ou subvencións económicas á referida asociación cultural, aínda que isto non converte ó Concello en organizador das actividades propias da asociación, xa que o fomento de actividades culturais, festivas ou deportivas mediante axudas públicas non implica unha actividade de xestión directa por parte da administración municipal.

Tamén debe recordarse que conforme expresa a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu artigo 23.2. q) é obriga dos organizadores de espectáculos públicos ou actividades recreativas, entre outras, a de responder dos danos e prexuízos que poidan producirse como consecuencia das características do establecemento aberto ó público ou da organización e desenvolvemento do espectáculo ou actividade, así como constituír as garantías e concertar e manter vixentes os correspondentes contratos de seguro esixidos pola presente lei.

Procede completar os anteriores razoamentos sinalando que a asociación cultural aportou no seu momento a póliza de seguro de responsabilidade civil, tal e como se indica no informe emitido polo departamento de cultura e festexos, esixida para este tipo de eventos ás entidades organizadores conforme o disposto no artigo 8.1 da citada Lei 10/2017, e que do contido dos informes emitidos pola policía local e protección civil non houbo ningún incumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, polo que, sen pretender entrar en mais fonduras, o accidente pode considerarse como fortuíto dentro da dinámica da carreira.

En definitiva, dado que os feitos nos que se residencia a orixe dos danos e lesións polos que se insta indemnización tiveron lugar con motivo dunha celebración que non foi organizada nin promovida polo Concello de Ribeira, non é posible afirmar a existencia de relación de causalidade entre tales danos e lesións e a deficiente adopción de medidas de seguridade que se imputa a esta Administración para a celebración do mencionado evento, polo que procede desestimar a reclamación presentada polo Sr. De Vicente Gómez, debendo este dirixir a súa acción contra a "*Asociación Cultural R. e. I. Cofradía da Dorna*" e a súa compañía aseguradora.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 11/11/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dª Ana Maria Fidalgo López, en nome e representación de D. Gonzalo De Vicente Gómez, polos motivos e fundamentos antes expostos.

23.- VAO PERMANENTE – Elisa Mary García Fernández

Visto o escrito presentado por **Elisa Mary García Fernández**, de data 23/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.198), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Parte ao Río, nº 58 (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe, de data 10/11/2026, emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Conceder** a **Elisa Mary García Fernández**, autorización para a instalación dunha praca de **vao permanente** (3,50 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Parte ao Río, nº 58 (Carreira), según o sinalado no citado informe policial.
b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar fixo e visible desde a vía pública.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

24.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN DE CRUCE NA AVENIDA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 26/08/2026, relativa á sinalización de cruce na Avenida Buenos Aires (Corrubedo), na que expón:

"1. Objeto del informe

Este informe técnico policial evalúa los riesgos viales detectados en la intersección entre la Avenida de Buenos Aires [vía principal] y el vial de acceso a la empresa conservera Ignacio Montes [vía secundaria], en la parroquia de Corrubedo. El objetivo es justificar la implantación de dos medidas de seguridad urgentes y de obligado cumplimiento para vehículos de longitud igual o superior a los doce (12) metros:
- Obligatoriedad de giro a la derecha, al salir del vial de acceso de la conservera, para incorporarse a la Avenida de Buenos Aires
- Prohibición de giro a la derecha, para acceder a dicho vial desde la vía principal.

2. Configuración y problemática de la vía

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

La empresa conservera genera un tránsito diario constante de vehículos pesados (tráileres y camiones rígidos o articulados de gran longitud).

La intersección actual presenta graves limitaciones estructurales:
- En la maniobra de Giro a la izquierda al salir de la empresa los vehículos de más de 12 metros que intentan incorporarse a la Avenida de Buenos aires girando directamente a la izquierda, invaden por completo el arcén del carril derecho, esto se debe a su amplio radio de giro que necesita del barrido de la parte trasera y del remolque. Se ha tratado de facilitar dicha maniobra dotando dicho arcén de cebreado eliminando varias plazas de estacionamiento, no obstante esto ha ocasionado continuos daños en el muro de la finca contigua (ver fotos) y el estacionamiento incorrecto de vehículos tambien hace ineficaz en muchas ocasiones dicho cebreado.
- En la maniobra de Giro a la derecha al entrar desde la Avenida de Buenos Aires, debido al ángulo agudo de la intersección y la estrechez del vial de acceso a la conservera, un vehículo de gran longitud que pretende girar a la derecha desde la vía principal se ve obligado a abrirse previamente hacia el carril izquierdo de su mismo sentido e invadir el sentido contrario del vial al que accede. Esta maniobra resulta altamente impredecible para el resto de conductores y carece de visibilidad suficiente, asimismo esta maniobra ha causado daños estructurales en la primera vivienda situada a la izquierda.

3. Justificación técnica de las medidas propuestas

A. Dirección obligatoria a la derecha (Salida del vial de acceso a la conservera)
- Eliminación de puntos de conflicto: Al obligar a los vehículos de más de doce (12) metros a girar exclusivamente a la derecha, se suprime la maniobra de cruce de carriles (giro a izquierda), así como la necesidad de cebreado en el carril derecho, garantizando que el camión se incorpore a favor del sentido de la marcha de forma limpia.
- Fluidez del tráfico: Se evitan las retenciones causadas por los vehículos pesados que quedan detenidos en el medio de la calzada esperando un espacio libre en ambos sentidos de la circulación.

B. Prohibición de giro a la derecha (Entrada desde la Avenida de Buenos Aires)
- Prevención de colisiones por alcance y raspado: Evita que los camiones realicen maniobras antirreglamentarias de apertura (abrirse a la izquierda antes de girar a la derecha) que confunden a los vehículos que circulan detrás.
- Protección de la infraestructura y peatones: El radio de giro actual obliga a las ruedas traseras del remolque a subirse a las aceras o márgenes de la intersección, con el consiguiente peligro de atropello y destrucción de aceras.

En ambas maniobras los vehículos de grandes dimensiones deberán buscar la alternativa más próxima, que no es otra que circular hasta las inmediaciones del Faro, donde ya se ha habilitado un espacio adecuado para los cambios de sentido de "vehículos longos".

4. Propuesta de señalización y medidas correctoras

Para la efectividad de esta ordenación, se propone la instalación de la siguiente señalización vertical según el Catálogo Oficial de Señales de Circulación:

1. En la salida del vial de la conservera:
· Señal R-400a (Sentido obligatorio a la derecha) acompañada de un panel complementario S-860 con el texto "Para vehículos de más de 12 m".
2. En la Avenida de Buenos Aires:
· Señal R-302 (Prohibición de girar a la derecha) acompañada del mismo panel complementario "Para vehículos de más de 12 m".

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

3. Señalización informativa:
· Mantener el actual Paneles Informativo indica la ruta a seguir para el cambio de sentido seguro de los transportistas que se dirijan o que salgan de la factoría.

5. Conclusión

Por todo lo expuesto, el Oficial que subscribe considera que la regulación actual supone un peligro latente para la seguridad vial. Las restricciones propuestas son proporcionales, técnicamente necesarias y garantizan la integridad de los usuarios de la vía y las propiedades privadas, sin bloquear la actividad económica de la empresa, derivando los giros complejos a puntos acondicionados para ello."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a proposta presentada pola Policía Local coa instalación da seguinte sinalización vertical según o Catálogo Oficial de Sinais de Circulación:

1. Na saída do vial da conserveira:
· Sinal R-400a (Sentido obrigatorio á dereita) acompañada dun panel complementario S-860 co texto "Para vehículos de máis de 12 m".
2. Na Avenida de Buenos Aires:
· Sinal R-302 (Prohibición de xirar á dereita) acompañada do mesmo panel complementario "Para vehículos de máis de 12 m".
3. Señalización informativa:
· Manter o actual Panel Informativo indica a ruta a seguir para o cambio de sentido seguro dos transportistas que se dirixan ou que saian da factoría.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUNHA FOODTRUCK PARA CAMPAÑA PROMOCIONAL DA CONSELLERÍA DO MAR – José Fajardo, S.L.

Visto o escrito presentado por Arturo Ramón Fajardo Piñeiro en representación de **José Fajardo, S.L.**, de data 15/11/2026 (Rexistro de entrada nº 28.220), no que solicita autorización para a instalación dunha Foodtruck para degustacións gratuítas de produtos do mar de Galicia (Programa de promoción da Consellería do Mar – "Galicia sabe Amar"), os días 27/11/2026 e 31/12/2026, en Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Autorizar** a **José Fajardo, S.L.** para a instalación dunha Foodtruck para degustacións gratuítas de produtos do mar de Galicia (Programa de promoción da Consellería do Mar – "Galicia sabe Amar"), os días 27/11/2026 e 31/12/2026, en Ribeira.

b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).

c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta da citada Foodtruck, así como o horario da súa instalación.

d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Públicas.

26.- ACHEGA CONCEDIDA Á FUNDACIÓN DE APOIO Á INFANCIA E AO BENESTAR - FAIBEN (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 27/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación de apoio á infancia e ao benestar -FAIBEN, co obxecto de colaborar no finanzamento de proxectos encamiñados a diminuir a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social,apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia e a adolescencia.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación de apoio á infancia e ao benestar -FAIBEN, **Proxecto contigo**. Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48022.

27.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 27/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga RENACER, co obxecto de colaborar no finanzamento de proxectos encamiñados a diminuir a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social,apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocioeducativa e a calidade de vida dos colectivos mais vulnerables como a infancia e a adolescencia.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga RENACER, **Programa de prevención no eido das drogodependencias**. Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A - 48031.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

28.- ACHEGA CONCEDIDA O ICE EBENECER (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 27/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Ice Ebenecer, co obxecto de colaborar no finanzamento de proxectos encamiñados a diminuir a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social,apoiando accións orientadas á mellora da saúde e a calidade de vida dos colectivos máis vulnerables.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Ice Ebenecer, **Programa Atención a familias vulnerables**. Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A - 48029.

29.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN A CREBA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 26/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación A Creba, co obxecto de colaborar no finanzamento de proxectos encamiñados a diminuir a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social,apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación A Creba, **Programa de transporte de usuarios**. Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48021.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

30.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO EN RIBEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 27/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Española contra o cancro en Ribeira, co obxecto de colaborar no finanzamento de proxectos encamiñados a diminuir a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social,apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida da veciñanza.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Española contra o cancro en Ribeira, **promoción de actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e asistencial**. Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48026.

31.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN AMBAR (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 26/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMBAR, co obxecto de colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde e calidade de vida persoas con diversidade funcional.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMBAR, **Programa Vivindo na Comunidade.** Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48009.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

32.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN ÁGAPE (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 26/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación ÁGAPE, co obxecto de colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida dos nosos menores.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación ÁGAPE, "**Proxecto de atención psicopedagóxica para menores con trastorno do espectro autista**", cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A 48027.

33.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN AMICOS (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 26/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMICOS, co obxecto de colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMICOS, **Servizo de atencion psicopedagóxica**. Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A - 48020.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

34.- ACHEGA CONCEDIDA A CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 26/10/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Cáritas Diocesana de Santiago, co obxecto de colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde e calidade de vida da nosa cidadanía, traballando na formación e emprego de xeito profesional.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Cáritas Diocesana de Santiago, **Proxecto "Formación e Emprego"**. Cunha proposta económica de 3.400,00 € con cargo á partida orzamentaria 231A – 48023.

35.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO DE SIRVES Á ANPA DO CEIP OLVEIRA, PARA A REALIZACIÓN DUN FESTIVAL DE NADAL

LOGO DE VER que A ANPA Monte Tahune do CEIP de Olveira, presenta escrito de data 15/11/2026, con número de rexistro de entrada municipal 28.221, solicitando:

"A ANPA MONTE TAHUME TEN PREVISTO ORGANIZAR A FESTA DE NADAL DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP DE OLVEIRA SOLICITA CESIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO DE SIRVES O MARTES 22 DE DECEMBRO DE 2026, EN HORARIO DE 14:00 A 22:00 HORAS, TAL E COMO SE ESPECIFICA NO DOCUMENTO QUE SE ACHEGA.".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias;* artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
   "Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. O pavillón de Sirves, non ten actividade programada para a data solicitada, excepto os adestramentos do Club Patinaxe Ribeira (que en caso de acceder ao solicitado terían que ser suspendidos).

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 17-11-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 17-11-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do polideportivo de Sirves" á ANPA Monte Tahume do CEIP de Olveira para a celebración dun festival de Nadal, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **martes 22 de decembro de 2026 de 14.00 h. a 22.00 h.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, …).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

36.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/11/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude de María Jesús Blanco López, en nome da Asociación Cultural Barbantia, sede electrónica 2026 28015 de data 12 de novembro de 2026, co interese en dispor do Centro Cultural Lustres Rivas o vindeiro 27 de novembro de 2026 para realizar a presentación literaria de "Ubre", do

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

escritor Xabier López Marqués, editado pola editorial ribeirense Companhía do Ruído, ás 20 horas e precisando a Sala de Conferencias de 19.30 a 21 horas deste día.

Solicita a colaboración do Concello de Ribeira coa presenza no acto da Señora Alcaldesa de Ribeira e ou Concelleira de Cultura ou en quen delegue en caso de non poder asistir a Alcaldesa.

Deste xeito, considerando que:

a) O evento é organizado por unha entidade sen ánimo de lucro.
b) Acto aberto á cidadanía, fomenta a participación, crea comunidade en torno a letura.
c) Promove o espazo nun punto de encontro activo e de referencia cultural.

***Proposta**:*

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

1. *Espazos públicos: Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira.*
   Venres 27 de novembro de 2026 en horario de 19.30 a 21 h.
   Equipo técnico audiovisual e de son.
2. *Medios persoais. Servizo de conserxaría.*

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e pudendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- ***Autorizar o Uso Temporal* da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira ó 27 de novembro de 2026 de 19.30 a 21 horas para realizar a presentación literaria de "Ubre" ás 20 horas organizado pola Asociación Cultural Barbantia.**
- ***Autorizar o* Uso do equipamento técnico audiovisual e de son.**
- ***Autorizar a* Representación municipal na celebración deste acto.**
- **Notificar o acordo á solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

CONDICIÓNS DE USO:

1-As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respeto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desarrollo dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

2-A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.

3-Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.

4-En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.

5-Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE,AGEDI),

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

adornos e outros).
6-Respetar o aforo da instalación.
7-Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8-Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

37.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/11/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude presentada por José Francisco Agrelo Lema, en nome do Club Deportivo Natural Sport Videlgi Riveira, sede electrónica 2026 24244 de 30/9/2026, interesando dispor da Sala Polivalente do Auditorio Municipal de Ribeira para realizar un seminario denominado "Proxecto TKD Health" os días 27 e 28 de novembro de 2026 dentro dos eventos que o clube está a realizar con motivo do seu 30 aniversario.

Engádese escaleta da programación enviada pola entidade ao correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal na data 09/11/2026 na que consta o desenvolvemento do acto e horarios.

Considerando que:

a) Trátase dun evento que organizado por unha entidade sen ánimo de lucro do municipio.
b) A entidade procura integrar principios centrados na saúde a través da práctica deportiva.
c) A data de celebración deste programa axústase á disponibilidade do Auditorio Municipal.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición:

- *Instalación municipal: Auditorio de Ribeira. Sala Polivalente.*
  Sábado 28 de novembro de 2026 de 9.30 a 12 horas e de 17.30 a 19.30 horas.
- *Servizos de conserxaría e limpeza.*
- *Trasladar esta petición á área municipal de Servizos Sociais para que atenda a necesidade do servizo de asistencia técnica de son e iluminación.*
- *Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporal aos vehículos da organización que o puderan precisar."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

I. Autorizar o Uso Temporal da Sala Polivalente do Auditorio Municipal de Ribeira á Club Deportivo Natural Sport Videlgi Riveira o vindeiro 28 de novembro de 2026, en horario de 9.30 a 12 e de 17.30 a 19.30 para realizar o Seminario "Proxecto TKD Health" conforme o programa presentado polo solicitante.

II. Servizos de conserxaría e limpeza.

III. Trasladar esta petición á área municipal de Servizos Sociais para que atenda as necesidades do servizo de asistencia técnica de son e iluminación.

IV. Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporal aos vehículos da organización que o puderan precisar.

- Notificar o acordo ao interesado xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioracións que podería orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respectar os límites de capacidade.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
10. Comprometerse a cumprir as **normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I),** e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carriños de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

_____

_____

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

38.- ACORDO DE OUTORGAMENTO DE PERMISO DE VERTEDURA - DISTRIBUCIONES JOSONI, S.L.

REDE DE SANEAMENTO: REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO
EXPEDIENTE: 2021/VERT000005
SOLICITANTE: DISTRIBUCIONES JOSONI, S.L.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado a través da sede electrónica deste Concello por Manuel Anido Puñal (***251***), en representación de Distribuciones Josoni, S.L. (***676***), de data 20 de outubro de 2021 (entrada núm. 18.932), mediante o que solicita permiso municipal de vertedura para unha actividade de matadoiro, localizada no Polígono Industrial de Xarás, avenida Ramiro Carregal Rey, núm. 37, Ribeira. Achégase ao escrito, para o seu exame e análise, documentación técnica: memoria, analíticas da auga de vertedura, ficha técnica do produto de limpeza a empregar...

Escrito de Alcaldía, de data 28 de outubro de 2021 (saída núm. 6.720), mediante o que se lle solicita á empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., o exame e da documentación presentada e a emisión de informe técnico sobre o particular de cara ao outorgamento de permiso municipal de vertedura. Notificación electrónica practicada na data do 29 de outubro de 2021.

Escrito remitido por Casimiro González Fernández (***343***), en representación de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., de data 16 de febreiro de 2022 (entrada núm. 2.871), mediante o que achegan informe emitido por Lucía Gómez Rivas (***780***), Técnica de Control de Verteduras, ao respecto do expediente en trámite, facendo constar que resulta necesario requirir a presentación de información e documentación adicional á solicitante.

Escrito de Alcaldía, de data 22 de febreiro de 2022 (saída núm. 779), mediante o que se lle require á empresa solicitante a emenda documental posta de manifesto no informe emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U. Notificación electrónica practicada na data do 22 de febreiro de 2022.

Escrito presentado a través da sede electrónica deste Concello por Manuel Anido Puñal (***251***), en representación de Manuel González Estalote (***188***), de data 16 de marzo de 2022 (entrada núm. 4.927), mediante o que achega documentación adicional requirida a raíz da inspección efectuada polos servizos técnicos en data 15 de febreiro de 2022.

Escrito de Alcaldía, de data 17 de marzo de 2022 (saída núm. 1.350), mediante o que se lle da traslado da documentación presentada a Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., para o seu exame e emisión de informe técnico de cara ao outorgamento de permiso municipal de vertedura. Notificación electrónica practicada na data do 21 de marzo de 2022.

Escrito remitido por Casimiro González Fernández (***343***), en representación de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., de data 20 de xuño de 2022 (entrada núm. 11.874), mediante o que achegan informe emitido por Lucía Gómez Rivas (***780***), Técnica de Control de Verteduras, de data 13 de xuño de 2022, facendo

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

constar que resulta necesario requirir a presentación de información e documentación adicional á solicitante.

Escrito de Alcaldía, de data 6 de xullo de 2022 (saída núm. 5.560), mediante o que se lle require á empresa solicitante a emenda documental posta de manifesto no informe emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U.

Escrito presentado a través da sede electrónica deste Concello por Juan Ramón Barreiro Carreño (***785***), en representación de Distribuciones Josoni, S.L. (***676***), de data 29 de setembro de 2026 (entrada núm. 12.416), mediante o que achega documentación adicional para dar resposta ao requirimento efectuado e polo Concello de Ribeira.

Escrito de Alcaldía, de data 1 de outubro de 2026 (saída núm. 12.416), mediante o que se lle da traslado da documentación presentada a Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., para o seu exame e emisión de informe técnico de cara ao outorgamento de permiso municipal de vertedura. Notificación electrónica practicada na data do 1 de outubro de 2026.

Escrito remitido por Ángel Puga Lorenzo (***461***), en representación de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., de data 19 de outubro de 2026 (entrada núm. 25.827), mediante o que achega o informe técnico emitido por el, en calidade de Técnico de Control de Verteduras, de data 19 de outubro de 2026, favorable condicionado.

2. NORMATIVA APLICABLE

- Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia
- Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Ribeira (OVR)
- Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento (OFR)

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 9 da OVR, ao referise á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: *"1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. (...)"*

Establece o artigo 16 da OVR, ao referirse á solicitude do permiso de vertedura, o seguinte: *"1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no Anexo V desta ordenanza. (...)"*

Establece o artigo 17 da OVR, ao referirse ao procedemento para a obtención do permiso de vertedura, o seguinte: *"1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. De acordo cos datos achegados polo solicitante, o Concello resolverá no sentido de:

a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixidas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o interesado deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de sumidoiros pública, xuntando á súa solicitude o estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. A entidade xestora obrigará ao solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.

b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.

c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas nesta ordenanza.

5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.

6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentarase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal."

Establece o artigo 18 da OVR, ao referirse ao contido do permiso de vertedura, o seguinte:

"O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Datos de identificación do titular da actividade e do inmoble, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.

f) Os limites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicarase a súa frecuencia e duración.

g) Horario de vertedura.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura.

Seranlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero.

Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, o usuario gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, a entidade xestora poderá solicitar a modificación das características da sección de control.

i) Prazo para adaptarse aos limites de vertedura especificados no propio permiso.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.
k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle debera remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade.
l) Prazo de validez do permiso de vertedura.
m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.
n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.
o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.
p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura.
q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso."

4. RESOLUCIÓN

Visto o informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Distribuciones Josoni, S.L., emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., asinado por Ángel Puga Lorenzo, en calidade de Técnico de Control de Verteduras (sinatura electrónica de data 19 de outubro de 2026), achegado mediante escrito desa mesma data (entrada núm. 25.827).

Visto que o informe técnico resulta favorable de cara ao outorgamento do permiso municipal de vertedura, condicionado ás esixencias que se establecen no mesmo.

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, de data 16/11/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCA**l, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

- Outorgar permiso municipal de vertedura á rede municipal de saneamento (colector industrial independente) á empresa Distribuciones Josoni, S.L. (*676***) para as súas instalacións localizadas na avenida Ramiro Carregal Rey, núm. 37C, Polígono Industrial de Xarás, Ribeira. Referencia catastral: 15074A938017040001IX, nas condicións e coas medidas de prevención e/ou correctoras establecidas nesta proposta e na normativa aplicable.**

PERMISO DE VERTEDURA:

a) Datos de identificación do titular da actividade/inmoble, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura:

Nome / Razón social: Distribuciones Josoni, S.L.
CIF/DNI: B-15676158

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

CNAE: 15110 Sacrificio de gando e conservación de carne
Enderezo da instalación obxecto da solicitude: avenida Ramiro Carregal Rey, núm. 37C, Polígono Industrial de Xarás, Ribeira
Referencia catastral: 15074A938017040001IX
Enderezo social: rúa Rosalía de Castro, núm. 4, 3ºC, 15200, Noia, A Coruña
Consumo de auga estimado (m^3/ano): 20.000*
Caudal de vertedura previsto (m^3/ano): 46.800
Caudal de vertedura previsto (m^3/día): 180

(*) *Datos achegados pola propia empresa, relativos ao ano 2025, pendentes de validar.*

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais:

Segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Anexo VII da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*) a actividade clasifícase: CLASE 1, GRUPO 3, SECTOR INDUSTRIAL ALIMENTACIÓN.

As augas residuais estarán formadas por dúas liñas de augas residuais:

- Unha primeira formada por augas residuais industriais ou de proceso, e augas fecais asimilables a domésticas.

- Unha segunda liña de augas pluviais procedentes do patio interior que poden conter restos de aceites e graxas procedentes dos camións.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal:

A instalación conta con acometida á rede de saneamento municipal.

As coordenadas UTM do punto de vertedura, onde conecta a súa acometida de saneamento, son as seguintes: X: 500533; Y: 4713811; UTM ETRS89 con Fuso 29.

A empresa non declara as coordenadas dos puntos de vertedura de augas pluviais ao medio natural.

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

Orixe dos efluentes.

As augas residuais xéranse como resultado directo da actividade industrial dun matadoiro e sala de despece de gando vacún e porcino, cunha capacidade de produción de canais de entre 5 e 50 toneladas ao día. Os datos de capacidade de produción declarada pola empresa é a seguinte:

- Vacún: 20 cabezas/hora.
- Porco: 60 cabezas/hora.

O calendario de produción establécese en 260 días ao ano.

A actividade estrutúrase nos seguintes fluxos e medidas de prevención:

- Limpeza e hixienización: augas procedentes do lavado diario e desinfección das naves de sacrificio, salas de despece, equipos de traballo e zonas de manipulación.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

- Estabulación de animais: augas xeradas na zona de cortellos. Esta área dispón dunha soleira impermeable e sen cama, o que garante que os estercos sólidos sexan retirados e xestionados por un xestor autorizado de forma independente, evitando a súa entrada na rede de depuración.

- Xestión específica do sangue: o sangue xerado durante o sacrificio non se verte ao sistema de augas residuais; almacénase nun tanque específico de 1.000 litros (cunha estimación de 130.000 litros/ano) para a súa retirada e xestión íntegra por unha empresa autorizada.

Características dos efluentes (caudal e parámetros de deseño):

- Caudal de vertedura:

  - Establécese un caudal principal de deseño e cálculo de 180 m³/día (o que supón un volume anual de 46.800 m³/ano, considerando 260 días laborables de funcionamento ao ano).

  - Aínda que nunha táboa resumo inicial da documentación técnica (apartado 3.2.1) se menciona puntualmente un caudal de 130 m³/día, tódolos cálculos hidráulicos e o dimensionamento dos equipos de depuración (como o sistema DAF e o reactor biolóxico SBR) están proxectados para o escenario máis desfavorable e seguro de 180 m³/día.

- Composición e carga contaminante:

  - Trátase dun efluente típico do sector cárnico, caracterizado por unha alta concentración de materia orgánica (DQO e DBO_5), sólidos en suspensión e unha importante carga de aceites e graxas, os cales son debidamente tratados na liña de pretratamento, físico-químico (flotación por aire disolto) e biolóxico (lodos activos en modalidade SBR) antes da súa vertedura autorizado á rede de sumidoiros do polígono industrial.

Balance de augas:

A continuación, estímase un balance de augas, posto que a empresa non achega porcentaxe de cada liña:

BALANCE DE AUGAS RESIDUAIS XERADAS A EDARi				
TIPOLOXÍA		FRACCIÓN (%)	CAUDAL MEDIO ANUAL ESTADO ACTUAL	CAUDAL MEDIO ANUAL EDARi AMPLIADA
Augas residuais	Auga residuais asimilables a domésticas	3%	700 m³/ano	1.404 m³/ano
	Augas residuais industriais (proceso)	95%	23.943,92 m³/ano	44.460 m³/ano

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad


FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Augas brancas	Augas pluviais	2%	602,59 m³/ano	936 m³/ano
Caudal total a EDARi (100%)			25.246,51 m³/ano	46.800 m³/ano

Observacións: doutra banda, existe un fluxo de augas pluviais que non son tratadas na EDARi e, polo tanto, non aparecen na táboa anterior de balance de augas. A empresa non declara as coordenadas e o número dos puntos de vertedura ao medio natural. Tampouco cuantifica as recollidas no patio dianteiro e nas zonas cubertas.

Sistemas e unidades de tratamento das augas residuais.



As augas residuais son tratadas mediante as seguintes fases do sistema de depuración:

1. Bombeo de cabeceira (1+1) e desbaste.

2. Peneirado de sólidos na peneira rotativa (0,5 mm).

3.Homoxeneización. Procederase á ampliación dun depósito de homoxeneización de dimensións 5,00 × 5,40 × 4,50 m, con muros de formigón armado de 20 cm de espesor. A ampliación consistirá en aumentar a altura útil dos muros ata os 5 metros. O volume útil total do depósito de homoxeneización e sedimentación de sólidos é de 115 m³.

4. Desareado-desengraxado (flotación) mediante DAF.
O caudal de auga libre de sólidos entra na cámara de flotación. Será preciso modificar as dimensións e a forma de entrada do caudal para conseguir unha distribución máis uniforme, co fin de permitir que as partículas pesadas (areas) se depositen no fondo deste tanque, desde onde serán extraídas periodicamente mediante unha válvula pneumática. Tamén, modificarase o flotador con sistema de rasquetas para a retirada dos materiais flotantes no DAF, sistema de presurización, conxunto de dosificación de reactivos floculantes, sistema de bombeo de lodos a contedor e sistema de control do pH.

5. Depósito de regulación. Existe un sistema de bombeo de regulación que permite laminar o caudal de auga pretratada desde o DAF ata o reactor biolóxico, podendo mesmo estender a vertedura durante 24 horas e incluso ao longo da fin de semana, se é necesario. O sistema de bombeo está dimensionado para un caudal de 20 m³/h nun depósito cunha capacidade útil de 62,5 m³ e unhas dimensións de 5,00 × 5,00 × 2,50 m.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

6. Tratamento biolóxico mediante reactor biolóxico secuencial (SBR). O tratamiento biolóxico lévase a cabo nun único depósito semienterrado de 720 m³ e 6 metros de altura, de xeito secuencial, sendo as fases as seguintes: enchido con auga bruta, reacción e axitación do licor mestura mediante aireación, decantación e saída da auga mediante un skimmer flotante. Os distintos elementos que compoñen o sistema completo SBR son unha soprante de émbolos rotativos de 350 kW, 238 difusores tipo prato con membrana de EPDM, unha sonda de osíxeno disolto, sondas de control de nivel, un axitador de hélice, unha válvula pneumática de saída da auga tratada, etc., así como un sistema de bombeo para a purga de lodos mediante unha bomba somerxible de 5 m³/h, entre outros elementos.

7. Deshidratación de lodos mediante centrífuga.

8. Automatización e control.
Ciclo previsto do reactor:
- Duración do ciclo: 24 horas.
- Tempo de enchido por ciclo: 10.00–12.00 horas.
- Tempo de aireación por ciclo e día: 12.00 horas.
- Tempo de desnitrificación por ciclo e día: 5.00–8.00 horas.
- Tempo de sedimentación por ciclo e día: 2.00–4.00 horas.
- Tempo de saída da auga tratada: 6 horas.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura:

Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura serán os valores máis restritivos, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13 da OVR. Os valores límite dos efluentes industriais do Polígono Industrial de Xarás defínense no Anexo IV.A da OVR.

Deberase limitar na medida do posible a vertedura de sólidos á rede de saneamento facendo un uso adecuado dos sistemas de recollida selectiva de residuos. No caso dun matadoiro, deberase evitar a entrada na rede de saneamento de sangue, pelos, esterco, contido gastrointestinal, restos de vísceras, tecidos, graxa solidificada, fragmentos de ósos, pezuños, cornos e outros restos de animais, etc. A cantidade de sólidos grosos presentes na vertedura deberá ser inapreciable. O incumprimento destas condicións poderá dar lugar á aplicación das sancións que correspondan, de conformidade coa normativa vixente e coas ordenanzas municipais aplicables.

Os parámetros mínimos a analizar e os límites de aplicación serán os seguintes:

PARÁMETROS ANALÍTICOS		
Parámetro	**Límite de verteduras**	**Unidades**
Condutividade (25ºC)	5.000	µS/cm
pH	5,5-9	Ud pH
DQO	700	mg/L
DBO_5	300	mg/L
Sulfuros	1	mg/L
Sólidos en suspensión	250	mg/L

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Nitróxeno amoniacal	50	mg/L
Nitróxeno total	115	mg/L
Fósforo total	25	mg/L
Aceites e graxas	50	mg/L
Hidrocarburos	15	mg/L
Deterxentes	6	mg MBAS/L

f) Límites cuantitativos da vertedura:

De conformidade co exposto no proxecto e recollido tamén no informe emitido pola empresa Viaqua, S.A.U. o réxime de funcionamento da instalación será descontinuo. Dada a natureza do sistema de depuración, prevese unha vertedura a rede de saneamento soamente durante 6 horas/día. Lémbrase que deben respectarse as restricións técnicas dos colectores do Polígono Industrial cun límite máximo de vertedura para o matadoiro de 8 L/s e polo tanto o caudal de saída debese laminar como mínimo en 6-7 horas debendo axustar a operación para que sexa posible tanto a depuración como a laminación. Debese indicar ademais, o horario previsto de vertedura. Esta restrición podería cambiar se as condicións técnicas da rede de saneamento así o esixen.

O volume máximo anual será de 46.800 m^3, sendo o volume diario de 180 m^3, considerando 260 días laborables. O caudal punta horario será de 20 m^3/h. Dado que a actividade do matadoiro e salas de despece se concentran nas horas de traballo diúrnas, a masa de auga residual bruta chega con picos. Para amortecer este caudal punta, a instalación dispón dun depósito de homoxeneización e regulación de 115 m^3, o cal almacena as puntas de vertedura e lamina o caudal entrante para envialo ao reactor biolóxico (SBR) a un ritmo constante e controlado de ata 20 m^3/h.

LÍMITES CUANTITATIVOS E CONDICIÓNS DE VERTEDURA		
Parámetro cuantitativo	**Valor límite ou de deseño**	**Observacións e criterio de laminación**
Volume diario de vertedura	180 m^3/día	Volume total xerado pola actividade industrial a evacuar diariamente
Caudal máximo instantáneo ao colector	8 L/s (28,8 m^3/h)	Tope ineludible imposto pola capacidade de evacuación do colector do Polígono Industrial de Xarás
Caudal medio continuo (24 horas)	7,5 m^3/h	Referencia teórica se a vertedura se repartise de forma perfectamente lineal durante todo o día
Período de laminación do caudal diario	Mínimo 6,25 horas	Período de retención/bombeo necesario para evacuar os 180 m^3 sen superar os 8 L/s permitidos
Control e regulación	Depósito de homoxeneización (115 m^3) e caudalímetro	Instalacións previstas para laminar as puntas de produción e regular a saída cara o colector
Umbral de control periódico	Referencia de 2.000 m^3/ano	Determina a periodicidade trimestral de autocontrol e a obrigatoriedade estrita do permiso de vertedura

g) Horario de vertedura:

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

O réxime de funcionamento da instalación será descontinuo. Dada a natureza do sistema de depuración, prevese unha vertedura á rede de saneamento soamente durante 6 horas.

Deberán respectarse as restricións técnicas dos colectores do Polígono Industrial cun límite máximo de vertedura para o matadoiro de 8 L/s e, polo tanto, o caudal de saída debese laminar como mínimo en 6,25-7 horas debendo axustar a operación para que sexa posible tanto a depuración como a laminación. Debese indicar ademais, o horario previsto de vertedura. **Esta restrición podería cambiar se as condicións técnicas da rede de saneamento así o esixen**.

h) Dispositivos de control de vertedura:

Será necesaria a instalación dun dispositivo axeitado para a medida de caudal vertido. Este equipamento deberá permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero. Os caudais serán remitidos ao Concello de forma semestral. A empresa deberá aportar o dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo no prazo máximo de seis (6) meses trala resolución do permiso de verteduras, detallando o caudal de augas pluviais contaminadas a tratar en EDARi e o caudal de augas pluviais que serán vertidas á canle natural. Deberase instalar un equipo de toma de mostras automático programable na arqueta de rexistro previa a incorporación á rede de sumidoiros, con capacidade para a recollida dunha mostra representativa de auga residual durante un período de 24 horas e accesible ao servizo tal e como indica a OVR no artigo 27.8. Autocontrol das verteduras.

Os anteriores elementos de control implantaranse nas instalacións da interesada, debendo facilitar en todo momento o acceso dos responsables do Concello de Ribeira a efectos de labores de inspección.

Deberá existir un libro de rexistro (físico ou informático adecuadamente protexido contra danos ou modificacións non autorizadas) a disposición do Concello de Ribeira no que se rexistrará a seguinte información:

- Resultados analíticos de toma de mostras efectuadas.
- Incidencias.

Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por teléfono e por escrito, ao Concello de Ribeira.

Deberá existir unha válvula de corte accesible na condución da vertedura en cuestión, que permita bloquear o paso do mesmo no caso de ser necesario.

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso e outros condicionantes:

O permiso está condicionado ao cumprimento das esixencias que se establecen nesta proposta, no informe emitido pola empresa xestora dos servizos e na propia OVR.

En relación coas verteduras establécense os seguintes condicionantes e prazos:

- No prazo de seis (6) meses deberá adecuar os parámetros de vertedura aos valores máximos permitidos na OVR e referidos no apartado e) desta proposta.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

- Deberase limitar a vertedura de sólidos á rede de saneamento, facendo un uso adecuado dos sistemas de recollida selectiva de residuos. Evitarase a entrada na rede de saneamento de sangue, pelos, esterco, contido gastrointestinal, restos de vísceras, tecidos, graxa solidificada, fragmentos de ósos, pezuños, cornos e outros restos de animais, etc. A cantidade de sólidos grosos presentes na vertedura deberá ser inapreciable. O incumprimento destas condicións poderá dar lugar á aplicación das sancións que correspondan, de conformidade coa normativa vixente e coas ordenanzas municipais aplicables.

- Deberá continuar coa xestión dos residuos xerados na instalación. Non se considera necesario establecer melloras adicionais en canto a seguridade e almacenamento.

- Deberá asegurar que as acometidas existentes se sitúan no límite da parcela, e non en dominio público, debendo modificarse estas neste caso no período máximo de seis (6) meses tras a resolución do Permiso de Verteduras.

- Deberá entregar por rexistro ao Concello a seguinte documentación no prazo máximo de seis (6) meses trala resolución do permiso de verteduras condicionado:

  - Dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo. Fracción de augas pluviais tratadas na EDARi.

  - Plan de Emerxencia actualizado para casos de derrames e/ou verteduras accidentais.

  - Copia da Resolución de Inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos como Pequeno Produtor de Residuos Perigosos e os Documentos de Aceptación de Residuos que correspondan dende o comezo da actividade.

  - Rexistro das cantidades xeradas de cada residuo de forma anual. Poderán solicitarse as correspondentes xustificacións documentais de ditos envíos ao xestor. Unicamente se presentan os residuos xerados durante a fase de obra, requírense os residuos xerados na depuración e produción (toneladas/ano, tipo de residuo xerado, xestor autorizado).

  - Será necesaria a instalación dun dispositivo axeitado para a medida de caudal vertido. Este equipamento deberá permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero.

- A partir do primeiro semestre do outorgamento do permiso municipal deberá remitir, de forma trimestral, os datos de caudais de vertedura.

- A partir do primeiro ano do outorgamento do permiso municipal deberá remitir, de forma trimestral, un informe de autocontrol segundo o definido no programa de control da vertedura.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes:

Os valores límite de vertedura autorizados son os que se indican de forma expresa nos apartados e) e f) desta proposta.

De conformidade co previsto no artigo 13.4 do *Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia*, aprobado mediante o *Decreto 141/2012, do 21 de xuño*, e co ánimo de garantir a inspección, vixilancia e control do cumprimento das condicións do permiso de vertedura, deséñase un programa de control da vertedura que se deberá cumprir a partir do outorgamento do permiso municipal.

De conformidade co previsto no artigo 27 da OVR nesta proposta establécense as seguintes medidas:

- O titular do permiso de vertedura terá un plan de autocontrol, que estará á disposición da entidade xestora e dos inspectores, no que constarán: a periodicidade dos autocontrois, o lugar en que se tomaron as mostras, a data en que se realizou a toma e as determinacións analíticas, así como calquera outro dato que se considere procedente solicitar.

- Deberá achegar un informe sobre o efluente vertido coa periodicidade que se establece na táboa resumo deste epígrafe, no que constarán resultados analíticos da vertedura e datos de caudais.

- Para levar a cabo estes controis cando o indique o permiso de vertedura, ou cando llo solicite a entidade xestora, deberán dispor dun equipamento de medida de caudal e dun equipamento de toma de mostras automático, situados na sección de control, que permita obter unha mostra representativa da vertedura. A dita mostraxe realizará como mínimo unha toma de mostras durante un período de tempo representativo das actividades da empresa, que teña tamén en conta actividades especiais ou singulares, equivalente a unha xornada laboral completa.

- A análise das mostras deberá ser realizada mediante metodoloxía oficial nun laboratorio externo acreditado, segundo os requisitos establecidos nas normas da serie UNE-EN ISO/IEC 17025, ou a que no futuro a substitúa, que sexa de aplicación en función do seu ámbito de actuación e/ou rexistrado pola Administración.

Táboa resumo do programa de control establecido.

<table>
<tr><th></th><th>ANO 1</th><th colspan="2">ANOS 2 A 8</th></tr>
<tr><td rowspan="2">1º TRIMESTRE</td><td>IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS E POSTA EN FUNCIONAMENTO (EMPRESA)</td><td rowspan="3">INSPECCIÓN ANUAL CON TOMA DE MOSTRAS</td><td rowspan="2">INFORME DE AUTOCONTROL: ANÁLISE MOSTRAS VERTEDURA E DATOS DE CAUDAIS (EMPRESA)</td></tr>
<tr><td>INSPECCIÓN DE ASESORAMENTO E TOMA DE MOSTRAS PUNTUAIS E/OU INTEGRADAS (CONCELLO)</td></tr>
<tr><td>2º TRIMESTRE</td><td>IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS E POSTA EN FUNCIONAMENTO (EMPRESA)</td><td>INFORME DE AUTOCONTROL: ANÁLISE MOSTRAS VERTEDURA E DATOS DE CAUDAIS (EMPRESA)</td></tr>
</table>

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

	INSPECCIÓN DE ASESORAMENTO E TOMA DE MOSTRAS PUNTUAIS E/OU INTEGRADAS (CONCELLO)		
3º TRIMESTRE	INSPECCIÓN CON TOMA DE MOSTRAS PUNTUAIS E/OU INTEGRADAS (CONCELLO)		INFORME DE AUTOCONTROL: ANÁLISE MOSTRAS VERTEDURA E DATOS DE CAUDAIS (EMPRESA)
	ACHEGA DE DATOS DE CAUDAL DE VERTEDURA (EMPRESA)		
4º TRIMESTRE	INSPECCIÓN CON TOMA DE MOSTRAS PUNTUAIS E/OU INTEGRADAS (CONCELLO)		INFORME DE AUTOCONTROL: ANÁLISE MOSTRAS VERTEDURA E DATOS DE CAUDAIS (EMPRESA)
	ACHEGA DE DATOS DE CAUDAL DE VERTEDURA (EMPRESA)		

Con respecto aos informes de autocontrol a peticionaria será responsable da execución dos controis analíticos que se establecen na proposta; os controis efectuaranse coa periodicidade prevista na táboa e corresponderán aos parámetros de Condutividade, pH, DQO, DBO_5, Sulfuros, SS, $N\text{-}NH_4$, Nt, Pt e Aceites e graxas.

Será necesaria a instalación dun dispositivo axeitado para a medida de caudal vertido que deberá permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero. Os datos de caudais serán remitidos trimestralmente ao Concello no informe de autocontrol.

En ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión poderá acadarse mediante dilución no punto de toma de mostras.

Todas as mostraxes e análises correspondentes ao control da vertedura deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

O Concello de Ribeira resérvase a facultade de modificar os límites de vertedura impostos en relación cos límites fixados nesta resolución de autorización, podendo esixir ao titular a construción e explotación de actuacións adicionais ás previstas na solicitude da interesada, sen que isto de lugar a ningún tipo de indemnización.

No caso de que a práctica demostre que a xestión realizada pola interesada é insuficiente pola calidade da vertedura, en relación cos límites fixados nesta autorización, a titular deberá, previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar a vertedura ás características autorizadas. Neste sentido, o Concello de Ribeira poderá esixir á autorizada a instalación de tratamentos complementarios ou calquera outra mellora das instalacións que resulte adecuada para acadar os límites impostos ou outros que se poidan impoñer, determinando os prazos correspondentes.

O permiso de vertedura deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, coa aprobación da nova normativa ou cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento fosen alteradas ou sobreviñeran outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

denegación ou o outorgamento en termos distintos podendo ser o caso de decretar a suspensión temporal ata que ditas circunstancias sexan superadas (artigo 19 da OVR).

Realizaranse inspeccións nos supostos nos que sexan realizados cambios nas instalacións ou na actividade desenvolta que poidan afectar á calidade e volume das augas de vertedura, así coma en caso de sospeitarse de verteduras que poidan estar afectando as instalacións de saneamento e depuración municipais. De cada inspección o Servizo emitirá un informe para o control e seguimento do permiso de verteduras, a petición do Concello.

As contías económicas das inspeccións xornais e comprobacións de vertedura que se establecen neste punto están reguladas na correspondente OFR.

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deberá remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade:

Achegarase un informe de seguimento das instalacións vinculadas ao tratamento de vertedura: EDARi, acometida, arquetas... O informe virá acompañado tamén dos resultados da analítica trimestral, que incluirá, como mínimo, os parámetros referidos no epígrafe e).

l) Prazo de validez do permiso de vertedura:

Oito (8) anos. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na OVR. Será renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso da Entidade Xestora e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 19.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia:

Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, unha vertedura estraña á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben á propia rede.

No caso da empresa Distribuciones Josoni, S.L., a empresa debe entregar o Plan de Emerxencias en caso de derrames actualizado a 2027 coa EDARi ampliada. Axúntanse as instrucións a seguir ante unha situación de emerxencia ou perigo:

1º. Comunicalo con urxencia á empresa xestora da rede, Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U. (actualmente denominada Veolia), e ás autoridades municipais.

Teléfonos:
- Veolia Central (24h): 900 201 230
- Garda Veolia: 609 684 913
- EDAR Ribeira: 680 609 827
- Policía Municipal: 981 871 178

2º. O usuario indicará o tipo e a cantidade de produtos vertidos á rede e tomará todas aquelas medidas necesarias para minimizar os posibles danos colaborando en todo momento co Servizo de Saneamento e co Concello.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

3º. Nun prazo máximo de 48 horas o usuario deberá emitir ao Concello e ao Servizo de Saneamento un informe detallado do sucedido que incluirá, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e identificación da empresa.
- Dirección da mesma.
- Volume e tipo de materias vertidas.
- Hora e causa do accidente.
- Correccións efectuadas *"in situ"*.
- Hora e forma en que se comunicou o incidente ao Concello.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción:

Non procede.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos:

No informe emitido polo Servizo de Saneamento non se fai referencia a este epígrafe.

A autorización non exime á titular da vertedura que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poida causar a vertedura en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura:

Non procede.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso:

<u>Dispositivos de seguridade/almacenamento</u>:

A empresa deberá presentar o Plan de Emerxencia actualizado para o caso de derrames e/ou verteduras accidentais conforme a lexislación sectorial aplicable. Incluirá un anexo técnico coas fichas técnicas e de seguridade dos produtos líquidos susceptibles de ser vertidos ao sistema de saneamento, que son usados na actividade habitual da empresa.

<u>Xestión de residuos</u>:

A empresa está inscrita no Rexistro Xeral de Operadores dedicados ao transporte de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, co número S.15.073.011.

Detállanse todos os residuos xerados nos procesos da empresa, con todo, en principio todos son valorizables no proceso produtivo.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
É de aplicación o regulado no Capítulo II do Título V da LPACAP, que regula os recursos administrativos e, en especial, os artigos 123 e 124 relativos ó recurso potestativo de reposición.

O artigo 115 regula os datos que debe expresar o recurso, a saber: nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo; acto que se recorre e a razón da súa impugnación; lugar, data e sinatura do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións; órgano, centro ou unidade administrativa ó que se dirixe e o seu correspondente código de identificación; e as demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas; sen que o erro ou a ausencia de cualificación do recurso por parte do recorrente sexa un obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter. Os vicios e defectos que fagan anulable un acto non poderán ser alegados por quen os causara.

As causas de non admisión do recurso veñen reguladas no artigo 116:

- Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencera a outra Administración Pública, en cuxo caso o recurso deberá remitirse ó órgano competente, de conformidade co establecido no artigo 14.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Carecer de lexitimación o recorrente.
- Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- Ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso.
- Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

Pola súa parte, o artigo 118 esixe que se dea audiencia ós interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, para que formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes, so cando haxan de terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario; a estes efectos non se terán en conta na resolución os feitos, documentos ou alegacións do recorrente, que puideran terse aportado no trámite de alegacións, nin terán o carácter de documentos novos o recurso, nin os informes, nin as propostas para resolvelo, e tampouco os documentos que os interesados aportaran ó expediente antes de recaer a resolución impugnada.

Así mesmo, o artigo 118.2 esixe que cando haxa outros interesados se lles dea traslado do recurso para que no prazo citado no apartado 1º, aleguen canto estimen procedente.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

De conformidade co artigo 119.1, a resolución do recurso pode estimar, en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas no mesmo, ou declarar a súa inadmisión. Non obstante, cando exista vicio de forma e non se estime procedente resolver sobre o fondo, en cumprimento do artigo 119.2 ordenarase a retroacción do procedemento ó momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poda acordarse a convalidación de actuacións polo órgano competente para o caso, de conformidade co disposto no artigo 52 da LPACAP.

O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, plantee o procedemento, foran alegadas ou non polos interesados. Neste último caso, oiráselles previamente. Non obstante, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPACAP).

O artigo 123.1 establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houbera ditado ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, sen que poida interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, si o acto fora expreso. Transcorrido dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Si o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigo 124.1 LPACAP).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPACAP). Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo dito recurso (artigo 124.3 LAPCAP).

Segunda.-

O recurso de reposición presentado polo Sr. Cabaleiro Riveiro presentouse dentro do prazo previsto no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O escrito de interposición contén os datos esixidos no artigo 115 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se da causa de non admisión das recollidas no artigo 116 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non procede dar trámite de audiencia ó recorrente por canto non existen novos feitos ou novos documentos non recollidos no expediente orixinario.

Enténdense que existen outros interesados no procedemento, entendendo por tal ás persoas aspirantes que presentaron a súa instancia para participar no mencionado proceso selectivo, polo que, de conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 118 da LPACAP,

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

publicouse anuncio dando conta da interposición do recurso e outorgando un prazo de 10 días para a presentación de cantas alegacións estimasen convenientes.

Terceira.-

O primeiro dos motivos que alega o recorrente no seu recurso de reposición, é que o persoal funcionario de carreira cuxa promoción se pretende non pode participar nun proceso de promoción interna á subescala de auxiliares administrativos (subgrupo C2), por varias razóns: por pertencer á subescala subalterna; por non cumprir a condición de estar desempeñando as súas funcións no posto convocado na data de entrada en vigor da Lei 7/2007, de 12 de abril, que se produciu o 13 de maio de 2007; e que o Concello de Ribeira ten persoal funcionario de carreira, pertencente á escala de auxiliares administrativos, que si reúnen as condicións esixidas legalmente para promocionar ó posto de auxiliar administrativo da oficina de atención á cidadanía.

Como fundamentos legais nos que apoia a súa primeira alegación, o Sr. Cabaleiro Riveiro cita os seguintes artigos:

- Artigo 169.2 apartado c), do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que dispón o seguinte: "*Hasta tanto se dicten las normas reglamentarias previstas en el artículo 100.2 de la Ley 7/1985, de 02 de abril, la selección de los funcionarios a que se refiere el número anterior se ajustará a las siguientes reglas: (...) c) El ingreso en la Subescala Auxiliar se hará por oposición libre, con exigencia, en todo caso, de título de Graduado Escolar, Formación Profesional de primer grado, o equivalente.*"

- Artigo 18.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón o seguinte: "*2. Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos, dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo y superar las correspondientes pruebas selectivas.*"

Pois ben, en primeiro lugar, é necesario aclarar que o artigo 169.2, apartado c) do Real Decreto Lexislativo 781/1986 o que está a regular é o sistema selectivo que debe empregar unha administración para o ingreso na función pública por quenda libre, o que non é o caso que estamos a tratar. Pois o suposto que nos ocupa e á promoción interna vertical, que consiste na posibilidade de que o persoal que xa ostenta a condición de funcionario/a de carreira (é dicir, que xa ingresou na función pública) ascenda de un subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que non teña subgrupo, a outro superior, neste caso do grupo de "*agrupación profesional*" (antigo grupo E), que non ten subgrupo, ó subgrupo inmediatamente superior, que é o subgrupo C2, do grupo C, e sen que se conteña neste apartado do citado artigo 169.2 a esixencia de reservar para promoción interna unha porcentaxe determinada dos postos de traballo da respectiva Administración, como si fai nos apartados a) e b), pero tampouco se limita de ningunha maneira este dereito á promoción interna que lle corresponde ós/ás funcionarios/as pertencentes ó antigo grupo E, que o Sr. Cabaleiro Riveiro pretende negarlles, e que está expresamente recoñecido na Disposición Adicional 6ª do TREBEP: "*1. Además de los Grupos clasificatorios establecidos en el artículo 76 del presente Estatuto, las Administraciones Públicas podrán establecer otras agrupaciones diferentes de las enunciadas anteriormente, para cuyo acceso no se exija estar*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

en posesión de ninguna de las titulaciones previstas en el sistema educativo. ***2. Los funcionarios que pertenezcan a estas agrupaciones cuando reúnan la titulación exigida podrán promocionar de acuerdo con lo establecido en el artículo 18 de este Estatuto.".***

Por outra parte, o artigo 18.2 do TREBEP, o que está a regular son os requisitos que deberán posuír os/ás funcionarios/as de carreira para poder promocionar, que son: os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, alo menos, dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, e superar as correspondentes probas selectivas. Requisitos que se recollen nas bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, por promoción interna, dunha praza de auxiliar administrativo/a da oficina de atención á cidadanía da área de servizos xerais, aprobadas por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26/03/2026, en desenvolvemento da OPE do ano 2025.

Non procede atender á xurisprudencia citada polo recorrente (STSJ de Madrid de 7 de setembro de 2020, rec. 1908/2018 e Sentenza de 19 de outubro de 2011, ditada pola Audiencia Nacional, sala do contencioso-administrativo, sección 4ª, no rec. 62/2011) como fundamento da súas pretensións, por tratar cuestións diferentes á que nos ocupa. A primeira trata da demanda de promocionar directamente do subgrupo C1 ó subgrupo A1, e a segunda versa sobre a promoción interna de carácter horizontal, aspectos referidos á promoción profesional dos empregados públicos, pero que nada teñen que ver co asunto aquí referido. Que ó Sr. Cabaleiro Riveiro lle pareza máis oportuno reservar a praza que nos ocupa á promoción interna horizontal que á promoción interna vertical, por contar o Concello de Ribeira con persoal auxiliar administrativo que coñece as funcións a realizar por este tipo de persoal, non deixa de ser unha opinión do recorrente, sen ningún tipo de fundamento ou valor xurídico.

Por último, cómpre precisar, que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público que cita o recorrente no seu recurso como un dos seus fundamentos, está derrogada con efectos de 1 de novembro de 2015, pola disposición derrogatoria única.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Como consecuencia, **non procede atender a esta alegación.**

Cuarta.-

O segundo dos motivos que aduce o recorrente, é en relación á esixencia do requisito para participar no proceso selectivo do que estamos a tratar, establecido na Base 2ª apartado e) de *"ter prestado servizos efectivos como persoal funcionario/a de carreira pertencente ó grupo profesional "Agrupación Profesional", Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna desde o que se promociona, durante un período mínimo de dous anos",* xa que coa esixencia deste requisito estase a impedir a persoal do Concello de Ribeira con vinculo de funcionarios pertencentes á subescala de auxiliares administrativos, C2, como é o seu caso, á concorrencia ó proceso selectivo, vulnerando o dereito fundamental do recorrente a acceder en condicións de igualdade á praza convocada de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, o que deriva na declaración de nulidade de pleno dereito das bases da convocatoria.

A este respecto, vólvese a recordar o disposto no artigo 18 do TREBEP: *"1. La promoción interna se realizará mediante procesos selectivos que garanticen el cumplimiento de los*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad así como los contemplados en el artículo 55.2 de este Estatuto. 2. Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos, dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo o Grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo y superar las correspondientes pruebas selectivas."

É dicir, o **requisito da antigüidade** de como mínimo 2 anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, neste caso na escala subalterna do grupo "agrupación profesional" (que é o grupo inferior ó grupo C, subgrupo C2), **é un dos requisitos legais de carácter ineludible para participar no proceso selectivo dunha promoción interna de carácter vertical.**

Como consecuencia, **non procede atender a esta alegación.**

Quinta.-

Cómpre precisar que o recorrente solicita a suspensión da execución do acto administrativo impugnado, por entender que concorren as seguintes infraccións ó ordenamento xurídico:

- Vulneracións das previsións contidas no TREBEP.
- Vulneración do dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos sinalados legalmente: artigos 14 e 23.2 en relación co artigo 103 da CE.

A este respecto compre ter en conta que a execución do acto impugnado entenderase suspendida si transcorrido un mes desde que a solicitude de suspensión tivera entrada no rexistro electrónico da Administración u Organismo competente para decidir sobre a mesma, o órgano a quen lle corresponda resolver o recurso no ten ditado e notificado resolución expresa ó respecto. Nestes casos, non será de aplicación o establecido no artigo 21.4 segundo parágrafo da LPACAP (Artigo 117.3 LPACAP).

Ó ditar o acordo de suspensión poderán adoptarse as medidas cautelares que sexan necesarias para asegurar a protección do interese público ou de terceiros e a eficacia da resolución ou do acto impugnado. Cando da suspensión poidan derivarse prexuízos de calquera natureza, aquela so producirá efectos previa prestación de caución ou garantía suficiente para responder deles, nos termos establecidos regulamentariamente. A suspensión prolongarase despois de esgotada a vía administrativa cando, solicitándoo previamente o interesado, exista medida cautelar e os efectos desta se estendan á vía contencioso-administrativa. Si o interesado interpuxera recurso contencioso-administrativo, solicitando a suspensión do acto obxecto do proceso, manterase a suspensión ata que se produza o correspondente pronunciamento xudicial sobre a solicitude. Cando o recurso teña por obxecto a impugnación dun acto administrativo que afecte a unha pluralidade indeterminada de persoas, a suspensión da súa eficacia haberá de ser publicada nun xornal oficial no que aquel se insertou (artigo 117. 4º e 5º LPACAP).

Non consta no expediente que o órgano competente para a resolución do recurso de reposición ditara e notificara resolución expresa sobre a solicitude de suspensión realizada polo recorrente no prazo indicado na citada normativa, polo que, en aplicación da mesma, a execución do acto impugnado enténdese suspendida ata a resolución do recurso de reposición interposto.

Sexta.-

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Corresponde resolver o recurso de reposición á Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 123.1 da LPACAP.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 16/11/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. David Cabaleiro Riveiro mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/05/2026 co número 202600011159 contra a convocatoria e as bases xerais reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, por promoción interna, dunha praza de auxiliar administrativo/a da oficina de atención á cidadanía da área de servizos xerais, en desenvolvemento da OPE 2025 (Expediente 2026 PSEL000012), polos motivos e consideracións expostos no presente informe-proposta de resolución que se dan aquí por reproducidos.

SEGUNDO.- Levantar a suspensión do procedemento administrativo correspondente ó proceso selectivo para cubrir en propiedade, por promoción interna, unha praza de auxiliar administrativo/a da oficina de atención á cidadanía da área de servizos xerais, en desenvolvemento da oferta de emprego público do ano 2025, que se está a tramitar co número 2026 PSEL000012, entendida por silencio administrativo en aplicación do artigo 117.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ó recorrente, así como as demais partes interesadas, de as houber, significándolle que contra esta resolución no cabe outro recurso administrativo, agás o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da Lei 39/2015.

43.- PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDADE UNHA PRAZA DE AXUDANTE DE ARQUIVO, RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026 PSEL000024

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Por Providencia de Alcaldía asinada na data 20/10/2026, disponse que se procede á iniciación do procedemento administrativo para a provisión en propiedade dunha praza de axudante de arquivo (reservada para persoal con discapacidade), en desenvolvemento da OEP do Concello de Ribeira para o ano 2026.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Real Decreto 2271/2004, do 03 de decembro, polo que se regula o acceso ó emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- **Plantilla de persoal.**

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), prevé que as entidades locais aprobarán anualmente, a través do orzamento, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. As plantillas deberán responder ós principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. Engade o artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que a elas se unirán os antecedentes, estudios e documentos acreditativos de que se axustan ós mencionados principios.

A diferencia da relación de postos de traballo regulada nos artigos 90.2 da LRBRL, e 126.4 do TRRL, a plantilla non determina as características esenciais dos postos de traballo, nin os requisitos para a súa ocupación, sendo a súa finalidade a ordenación orzamentaria; é por tanto consubstancial coa potestade de autoorganización prevista nos artigos 4.1a) da LRBRL e 4.1.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O TS entende que a plantilla non se aproba como un acto ou documento separado dos orzamentos, senón que forma parte dos mesmos e ten principalmente efectos económicos (Sentenzas do TS de 18/07/1990 e de 03/02/1997).

Tamén considera que debe comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aínda que non sexan permanentes (Sentenza do TS de 12/12/1997).

No caso que nos ocupa a praza de axudante de arquivo obxecto deste expediente, está incluída no cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2026, aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 28/05/2026, e publicado no BOP número 119 de data 26/06/2026, polo que se estaría a cumprir co este requisito.

SEGUNDO.- **Relación de Postos de Traballo.**

Respecto á relación de postos de traballo, o artigo 90.2 da LRBRL, prevé que as entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ó Estado establecer as normas para a elaboración das RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación. Engade o artigo 126.4

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

do TRRL, que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse de conformidade ás normas previstas no artigo 90.2 da LRBRL.

Resulta, por tanto, obrigatorio para todas as entidades locais, como instrumento técnico de ordenación do persoal, a aprobación da RPT, sen embargo, non resulta estraño en moitos municipios pequenos a súa inexistencia formal, e xa o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), suple esta carencia permitindo no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturen a súa organización a través das RPT *"u outros instrumentos organizativos similares."*

No caso que nos ocupa, a citada praza ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coas características que se dispoñen a continuación, polo que tamén se estaría a cumprir con este requisito:

Código:	01.920.04.02
Denominación:	Axudante de arquivo
Tipo	Laboral
Escala/Subescala/Clase/Categoría:	Categoría segundo convenio
Grupo:	IV/V
Nivel:	16/14
Provisión:	C
R.N.:	U.E
Titulación:	Certificado de escolaridade ou equivalente
Formación Específica:	
Administración:	A.L.
Observacións:	

TERCEIRO.- **Oferta de emprego público.**

Por último e respecto á oferta de emprego público, a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2026, dispón no seu artigo 20.Un.1 que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo 19, levarase a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

A regulación da OPE atópase recollida no artigo 90.2 da LRBRL, que prevé que as entidades locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose ós criterios fixados na normativa estatal básica e no artigo 128.1 do TRRL, que engade que a OPE aprobarase e publicarase no prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Pola súa parte, o artigo 70 do TREBEP, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da OPE, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da OPE ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos; aprobarase anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e deberá

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

ser publicada no Diario Oficial correspondente. A OPE poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Neste caso, por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para 2026, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, e cumprindo as taxas de reposición as que se refería o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, e que comprende, entre outras, a seguinte praza:

Natureza	Denominación da praza	Código RPT	Número de vacantes
Laboral (reservada para persoas con discapacidade)	Axudante de arquivo	01.920.04.02	1

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 151 do 12 de agosto do 2026, e no Boletín Oficial da Provincia número 122 do 01 de xullo de 2026.

Polo exposto, estase a cumprir co requisito da existencia da OPE na que se inclúe a praza obxecto do informe.

CUARTO.- **Principios dos procedementos de selección.**

A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

QUINTA.- **Sistemas selectivos.**

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: *"6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos.* ***7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos.*** *As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos."*

Así mesmo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala no seu artigo 57 o seguinte: *"1. O persoal funcionario de carreira seleccionarase ordinariamente polo sistema de oposición ou polo sistema de concurso-oposición. Só en virtude de norma*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

con rango de lei, poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso. ***2. O persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, coas características establecidas no artigo anterior ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos.*** *As Administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen a actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos do persoal laboral."*

E no seu artigo 205, incluído no Título X da Lei e referido ás especialidades do persoal ao servizo das entidades locais, disponse que: *"1. Cada entidade local levará a cabo os procesos de selección do seu persoal propio, de acordo coas regras básicas, en particular en materia de titulación, e cos programas mínimos fixados pola lexislación básica do Estado, e mais co disposto por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento. 2. Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano da entidade local que resulte competente consonte a lexislación de réxime local, a quen corresponderá tamén a convocatoria. 3. Malia o previsto nas alíneas anteriores, as entidades locais, por acordo do pleno, poderán encomendar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e selección do seu persoal. Neste caso, a consellería competente en materia de Administración local aprobará as bases e as convocatorias e efectuará os correspondentes procesos selectivos no marco do establecido pola encomenda e por esta lei. 4. Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaranse no boletín oficial da provincia. 5. O nomeamento das persoas que superen o correspondente procedemento selectivo corresponderá ao órgano que, consonte a lexislación de réxime local, exerza a xefatura directa do persoal."*

O artigo 2 do RD 896/1991, do 07 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local, establece que: "*O ingreso na Función Pública Local realizarase, con carácter xeral, a través do sistema de oposición, agás que, pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, sexa mais adecuada a utilización do sistema de concurso-oposición ou concurso."*

A sentenza do TS do 18/07/2023 declara pola súa parte que se mantén a vixencia do artigo 2 do RD 896/1991 como norma especial aplicable á selección dos funcionarios de carreira da administración local, polo que o sistema de oposición é o xeral e o concurso-oposición será o que se aplique cando así se xustifique por ser o mais adecuado atendendo á natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, pois co cadro de normas estatais con rango de lei no ámbito do réxime local mantense a vixencia do dito articulado, como norma de desenvolvemento, conforme á cal se da preferencia á oposición e tal preferencia é a que a administración do estado establece para seleccionar ó seu propio funcionariado (Fundamento Xurídico 6).

A razón xurídica deste pronunciamento é que, no marco de prelación legal de normas, o artigo 168 do TRRL, que desenvolve o artigo 92 da LRBRL, de carácter básico, foi á súa vez, desenvolto con carácter básico polo artigo 2 do RD 896/1991 (disposición final 1ª) e que, como vimos, da prioridade á oposición e o concurso-oposición terá esa prioridade si resulta, como sistema, mais adecuado segundo "*a natureza das prazas ou das funcións a desempeñar*."

Isto para os funcionarios. Para o persoal laboral é de aplicación, en defecto de previsión algunha na LRBRL, a normativa autonómica, por remisión da disposición final 1ª do RD 896/1991, que establece que a disposición adicional 2ª do mesmo, que regula a selección de persoal laboral fixo de novo ingreso (*por concurso, concurso-oposición ou*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

oposición libre, tendo en conta as condicións que requira a natureza dos postos de traballo a desempeñar de conformidade coas bases aprobadas polo Pleno da Corporación e respectando sempre os sistemas de promoción profesional, rexéndose todo elo polas súas regulamentacións específicas ou convenios colectivos en vigor) terán carácter supletorio respecto daquela.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, os sistemas de selección do persoal laboral están regulados no artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, antes referido, e que sinala que **o *persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos.***

En definitiva, para o persoal laboral fixo de novo ingreso das entidades locais non existe unha norma que obrigue a motivar o sistema de selección de concurso-oposición ó non prevalecer o sistema de oposición fronte a aquel, como si o é para a selección de persoal funcionario.

SEXTA.- **Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.**

Cómpre ter en conta o disposto no apartado Tres, punto 3, do artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que ten carácter básico: *"3. La validez de la tasa autorizada estará condicionada, de acuerdo con el artículo 70 del texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público: a) A que las plazas se incluyan en una Oferta de Empleo Público que deberá ser aprobada por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año. b) A que la convocatoria de las plazas se publique en el Diario Oficial de la Provincia, Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, debiendo asegurar su ejecución en el plazo máximo de tres años."*

Neste sentido, enténdese que, neste expediente, cumpriuse co disposto no artigo 20 Tres punto 3 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, xa que a Oferta de Emprego Público para o ano 2026 foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026, e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 122 do 01/07/2026 e no DOG número 151 do 12/08/2026, isto é, antes da finalización do ano 2026.

Agora cómpre proceder á súa total execución coa convocatoria das prazas que aínda non foron convocadas, como é neste caso a praza de axudante de arquivo (reservada para persoas con discapacidade).

SÉTIMA.- **Órgano municipal competente.**

O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/11/2026, e **visto** o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/11/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para cubrir en propiedade unha praza de AXUDANTE DE ARQUIVO da unidade de arquivo da área de servizos xerais (persoal laboral fixo, código RPT vixente 01.920.04.02) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2026, reservada para persoas con discapacidade.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no "*Boletín Oficial da Provincia*" de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDADE UNHA PRAZA DE AXUDANTE DE ARQUIVO EN DESENVOLVEMENTO DA OPE 2026, RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2026, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026 e publicada no DOG número 151 do 12/08/2026 e no BOP da Coruña número 122 do 01/07/2026, e réxese polas seguintes normas:

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a cobertura en propiedade, a través do proceso selectivo de OPOSICIÓN, dunha praza de AXUDANTE DE ARQUIVO da unidade de arquivo da área de servizos xerais, reservada para persoas con discapacidade, pertencente ó cadro de persoal laboral fixo, grupo IV, nivel 16.

De conformidade co disposto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira, aprobada na data 27/03/2023, a praza correspondese co posto adscrito á unidade de arquivo da área de servizos xerais, código 01.920.04.02.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

As funcións a desempeñar serán especialmente as seguintes:

- Asumir o auxilio administrativo básico e operativo xeral ao respecto das actuacións, procedementos e expedientes propios da Unidade de adscrición, con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes.
- Asumir a organización e reposición do material de oficina/funxible da Unidade de adscrición.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e legal, e vinculada co eido competencial no que se integra.

2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) **Ter a nacionalidade española.** Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) **Ter feitos os 16 anos** e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **da seguinte titulación: graduado en ESO ou equivalente**, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.

5. O procedemento administrativo: concepto e clases. Fases do procedemento administrativo xeral. Os informes. O trámite de audiencia. A resolución do procedemento administrativo. A obriga de resolver. O silencio administrativo.
6. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e de anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración. A acción de nulidade, procedemento, límites. Efectos. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais e de feito. Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso de reposición. O recurso de alzada. O recurso extraordinario de revisión.
7. O municipio: concepto, elementos e competencias. O termo municipal. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A organización municipal nos concellos de réxime común. Órganos necesarios e órganos complementarios. O Pleno. O Alcalde. Os tenentes de alcalde. A Xunta de Goberno Local. Competencias de cada un deles.
8. Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicacións dos acordos. O Rexistro de documentos nas entidades locais. A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos. Definición. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
9. A función pública local: clases de persoal. Dereitos e deberes. O acceso ó emprego público. Sistemas de ingreso. Retribucións. Licenzas e permisos.
10. Lei orgánica 3/2018, do 05 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Título II "*Principios de protección de datos"*. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Titulo I "*Dereito á Igualdade entre mulleres e homes*".

PARTE ESPECÍFICA

11. Concepto de arquivo: definición. Función. Tipos de arquivo.
12. Os arquivos como sistemas de información. Os portais de difusión arquivística.
13. A arquivística: concepto e principios.
14. Ciencias e disciplinas auxiliares da arquivística.
15. O documento de arquivo. Definición. Caracteres. Valores. A formación do expediente. O documento electrónico.
16. As tipoloxías documentais da Administración pública na Idade Contemporánea.
17. As agrupacións documentais e os instrumentos de control e de descrición de documentos.
18. Formas ordinarias e extraordinarias de ingreso e saída de documentos. As transferencias. O préstamo de documentos.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

19. Causas e factores de degradación dos documentos. Medidas de conservación preventiva. A instalación dos documentos.
20. Sistemas de reprodución de documentos en arquivos. A dixitalización de documentos.
21. Descrición arquivística. A acción e dinamización cultural nos arquivos.
22. Principais técnicas e procesos vinculados ao tratamento documental: instalación, o inventario, a organización e a descrición de documentos.
23. O acceso aos documentos e aos arquivos. Dereito á intimidade e dereito á protección dos datos persoais. Aspectos legais do servizo de documentos.
24. O sistema de arquivos de Galicia.
25. A Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
26. Normativa de ámbito autonómico sobre arquivos e patrimonio documental.

44.- BASES XERAIS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE, POR PROMOCIÓN INTERNA, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UNIDADE DE SECRETARÍA E ACTAS, EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026 PSEL000047

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Por Providencia de Alcaldía asinada na data 16/11/2026, disponse que se procede á iniciación do procedemento administrativo para a provisión en propiedade dunha praza de auxiliar administrativo/a da unidade de secretaría e actas (persoal funcionario/a de carreira), a cubrir pola quenda de promoción interna, en desenvolvemento da OEP do Concello de Ribeira para o ano 2026.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- (*Supletoriamente)* Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
- Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Ribeira 2023-2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- **Plantilla de persoal.**

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), prevé que as entidades locais aprobarán anualmente, a través do orzamento, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. As plantillas deberán responder ós principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. Engade o artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que a elas se unirán os antecedentes, estudios e documentos acreditativos de que se axustan ós mencionados principios.

A diferencia da relación de postos de traballo regulada nos artigos 90.2 da LRBRL, e 126.4 do TRRL, a plantilla non determina as características esenciais dos postos de traballo, nin os requisitos para a súa ocupación, sendo a súa finalidade a ordenación orzamentaria; é por tanto consubstancial coa potestade de autoorganización prevista nos artigos 4.1a) da LRBRL e 4.1.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O TS entende que a plantilla non se aproba como un acto ou documento separado dos orzamentos, senón que forma parte dos mesmos e ten principalmente efectos económicos (Sentenzas do TS de 18/07/1990 e de 03/02/1997).

Tamén considera que debe comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aínda que non sexan permanentes (Sentenza do TS de 12/12/1997).

No caso que nos ocupa, a praza de auxiliar administrativo/a da unidade de secretaría e actas que é obxecto deste expediente, está incluída no cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2026, aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 28/05/2026, e publicado no BOP número 119 de data 26/06/2026, polo que se estaría a cumprir con este requisito.

SEGUNDA.- **Relación de Postos de Traballo.**

Respecto á relación de postos de traballo, o artigo 90.2 da LRBRL, prevé que as entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ó Estado establecer as normas para a elaboración das RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación. Engade o artigo 126.4 do TRRL, que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse de conformidade ás normas previstas no artigo 90.2 da LRBRL.

Resulta, por tanto, obrigatorio para todas as entidades locais, como instrumento técnico de ordenación do persoal, a aprobación da RPT, sen embargo, non resulta estraño en moitos municipios pequenos a súa inexistencia formal, e xa o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), suple esta carencia permitindo no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturen a súa organización a través das RPT "*u outros instrumentos organizativos similares.*"

No caso que nos ocupa, a citada praza ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coas características que se dispoñen a continuación, polo que tamén se estaría a cumprir con este requisito:

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Código:	01.920.02.01
Denominación:	Auxiliar administrativo
Tipo	Funcionario/a
Escala/Subescala/Clase/Categoría:	Escala Administración Xeral, subescala auxiliar.
Grupo:	C2
Nivel:	18
Provisión:	Concurso
R.N.:	U.E
Titulación:	Graduado ESO ou equivalente.
Formación Específica:	
Administración:	A.L.
Observacións:	

***TERCEIRA.*- Oferta de emprego público.**

Por último e respecto á oferta de emprego público, a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2024, 2025 e 2026, dispón no seu artigo 20.Un.1 que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo 19, levarase a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

A regulación da OPE atópase recollida no artigo 90.2 da LRBRL, que prevé que as entidades locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose ós criterios fixados na normativa estatal básica e no artigo 128.1 do TRRL, que engade que a OPE aprobarase e publicarase no prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Pola súa parte, o artigo 70 do TREBEP, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da OPE, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da OPE ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos; aprobarase anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente. A OPE poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Neste caso, por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para 2026, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, e cumprindo as taxas de reposición a que se refire o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e que comprende, entre outras, a seguinte praza:

Natureza	Denominación da praza	Código RPT	Número de prazas
Funcionaria	Auxiliar administrativo da unidade de secretaría e actas	01.920.02.01	1 (por promoción interna)

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 151 do 12 de agosto do 2026, e no Boletín Oficial da Provincia número 122 do 01 de xullo de 2026.

Polo exposto, estase a cumprir co requisito da existencia da OPE na que se inclúe a praza obxecto deste informe.

CUARTA.- **Principios dos procedementos de selección.**

A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia). Tendo en conta en todo caso que:

- Poderán participar nos procesos selectivos todos os cidadáns que reúnan os requisitos previstos nos artigos 56 do TREBEP, e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O procedemento de selección axustarase ao disposto na lexislación básica do Estado sobre función pública (artigo 133 TRRL).
- O procedemento terá carácter aberto, sendo as convocatorias libres, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas no TREBEP e no TRRL. Ademais deberán respectar os requisitos esixidos no artigo 61 do TREBEP.
- As probas de selección rexeranse polas bases que aprobe a Alcaldía, a quen corresponderá a súa convocatoria (artigos 21.1.g) e 102.1 da LRBRL).
- Os anuncios das convocatorias de probas de acceso á función pública local deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado e no diario oficial correspondente e as Bases no Boletín Oficial da Provincia e no diario oficial correspondente (artigos 97 LRBRL e 58.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).
- Nas probas selectivas, o tribunal ou órgano similar elevará a correspondente relación de aprobados á Alcaldía ou Concellería que por delegación ostente a xefatura directa do persoal que facer o seu nomeamento (artigos 21.1 h) e 102.2 LRBRL, en concordancia co artigo 136 TRRL).
- Os órganos de selección de persoal serán colexiados e a súa composición deberá axustarse ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendendo á paridade entre mulleres e homes, sen que poidan formar parte dos mesmos o persoal de elección ou de designación política, nin o persoal funcionario interino ou laboral temporal nin o persoal eventual (artigo 60 TREBEP e 59 da Lei 2/2025, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

QUINTA.- Promoción interna.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

O artigo 18 do TREBEP, regula a promoción interna mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no seu artigo 55.2, esixindo que os funcionarios posúan os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior Subgrupo, ou Grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña Subgrupo e superar as correspondentes probas selectivas. Os sistemas para realizar a promoción interna articularanse nas Leis de Función Pública que as Comunidades Autónomas diten no seu desenvolvemento. As Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.

En virtude da autorización do artigo 18 do EBEP, o artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este teña subgrupo, a outro superior. Dispón este precepto que:

1.- Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, un mínimo dun vinte a cinco por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

a) Posuír a titulación e os demais requisitos esixidos.

b) Ter prestados servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.

c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria.

2.- Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos ou escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 pode participar nos procesos selectivos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo A2, sempre que cumpra os requisitos establecidos na alínea anterior.

Nas mesmas condicións, o persoal funcionario das agrupacións profesionais de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo C2.

3.- As convocatorias dos procesos selectivos poderán eximir total ou parcialmente ó persoal que participe nelas polo sistema de promoción interna vertical dalgunha das probas selectivas esixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, e poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia ou o órgano competente da Administración pública respectiva.

Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna preverase unha puntuación específica para quen estea a utilizar ou utilizase nos últimos cinco anos unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares. A puntuación asinada será proporcional ó tempo de duración do permiso, redución ou excedencia gozado en cada caso.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

4.- O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten preferencia sobre o persoal de novo ingreso na provisión dos postos vacantes ofertados, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria. Malia o anterior, a convocatoria do proceso selectivo poderá prever a permanencia no posto de traballo do persoal que promocione, cando ocupe con carácter definitivo un posto aberto á provisión polo corpo ou a escala a que acceda.

5.- O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten dereito ao recoñecemento, nos termos que regulamentariamente se determinen, da progresión na carreira profesional que acadase no corpo ou escala de procedencia e a manter o nivel retributivo vinculado a esa progresión. Asemade, o tempo de servizos prestados no corpo ou escala de procedencia será aplicable, de ser o caso, para a progresión na carreira profesional no novo corpo ou escala.

O previsto nesta alínea é tamén aplicable ou persoal funcionario que acceda por integración a outro corpo ou escala do mesmo ou superior subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo.

O artigo 40 do Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello de Ribeira dispón o seguinte en relación á promoción interna vertical:

"1.- A promoción interna consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no caso de que esta non teña subgrupo, a outro superior.

2.- Os/as empregados/as deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, no caso de que esta non teña subgrupo, e superar as correspondentes probas selectivas.

*3.- **A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos reservando un mínimo dun 25% das vacantes convocadas para persoal pertencente a corpos ou escalas do grupo inmediatamente inferior, e deberán garantir o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como a publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade, profesionalidade, independencia e discrecionalidade na súa actuación por parte dos membros dos órganos de selección**.*

4.- O persoal que acceda a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubrir os postos vacantes ofertados sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.

Ademais, os aspirantes que superen tal proceso selectivo poderán tomar posesión da praza que xa viñesen desempeñando con carácter definitivo cando o nivel desta se encontre incluído no intervalo de niveis do corpo e grupo ao que accedan.

Igualmente, os aspirantes aprobados na quenda de promoción interna poderán solicitar que se lles adxudique destino no posto que viñesen desempeñando ou noutros postos vacantes dotados orzamentariamente, sempre que sexan de necesaria cobertura e se cumpran os requisitos establecidos na relación de postos de traballo. Neste caso, quedarán excluídos do sistema de adxudicación de destinos pola orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

As prazas reservadas a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre.

5.- Así mesmo, o persoal que acceda a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna conservarán o seu grao persoal que xa consolidasen no corpo ou na escala de procedencia, sempre que estea incluído no intervalo de niveis correspondente ao novo corpo ou escala, e o tempo de servizos prestados naqueles será aplicable, se é o caso, para a consolidación do grao persoal neste."

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

SEXTA.- Sistemas selectivos.

Con carácter básico, o artigo 18 do TREBEP, establece que: *"1. La promoción interna se realizará mediante procesos selectivos que garanticen el cumplimiento de los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad así como los contemplados en el artículo 55.2 de este Estatuto. 2. Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos, dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo y superar las correspondientes pruebas selectivas. 3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto articularán los sistemas para realizar la promoción interna, así como también podrán determinar los cuerpos y escalas a los que podrán acceder los funcionarios de carrera pertenecientes a otros de su mismo Subgrupo. Así mismo, las leyes de función pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán determinar los cuerpos y escalas a los que podrán acceder los funcionarios de carrera pertenecientes a otros de su mismo Subgrupo. 4. Las Administraciones Públicas adoptarán medidas que incentiven la participación de su personal en los procesos selectivos de promoción interna y para la progresión en la carrera profesional*."

O artigo 61.6 do TREBEP dispón: "***Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación***. *Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos."*

Así mesmo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala no seu artigo 57 o seguinte: *"**1. O persoal funcionario de carreira seleccionarase ordinariamente polo sistema de oposición ou polo sistema de concurso-oposición.** Só en virtude de norma con rango de lei, poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso."*

E no seu artigo 205, incluído no Título X da Lei e referido ás especialidades do persoal ao servizo das entidades locais, disponse que: *"1. Cada entidade local levará a cabo os procesos de selección do seu persoal propio, de acordo coas regras básicas, en particular en materia de titulación, e cos programas mínimos fixados pola lexislación básica do Estado, e mais co disposto por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento. 2. Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano da entidade local que resulte competente consonte a lexislación de réxime local, a quen corresponderá tamén a convocatoria. 3. Malia o previsto nas alíneas anteriores, as entidades locais, por acordo do pleno, poderán encomendar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e selección do seu persoal. Neste caso, a consellería competente en materia de Administración local aprobará as bases e as convocatorias e efectuará os correspondentes procesos selectivos no marco do establecido pola encomenda e por esta lei. 4. Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaranse no boletín oficial da provincia. 5. O nomeamento das persoas que superen o correspondente procedemento selectivo corresponderá ao órgano que, consonte a lexislación de réxime local, exerza a xefatura directa do persoal."*

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Cómpre recordar que, a sentenza do TS do 18 de xullo de 2023, declara a vixencia do artigo 2 do Real Decreto 896/1991 e a preferencia do sistema de oposición para o acceso do persoal funcionario, podendo utilizarse o sistema de concurso-oposición cando este sexa o máis adecuado en razón da natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, polo que deberá motivarse o sistema de selección elixido.

Entendese, non obstante, que para o caso da promoción interna está xustificado o uso do sistema de concurso-oposición polo propio obxectivo ou fin do dereito á promoción profesional dos/as empregados/as públicos, nos que independentemente das probas de capacidade ás que se sometan, debe ter transcendencia a valoración dos seus méritos, tales como a antigüidade ou a formación, pois pon en valor a súa experiencia profesional, os coñecementos adquiridos e a formación continua, dereitos recoñecidos nas leis de funcións públicas, o que é inherente ó seu dereito á promoción profesional.

SÉTIMA.- **Regras básicas e programas mínimos no procedemento de selección.**

As regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección e formación dos funcionarios e os títulos académicos requiridos para tomar parte nas probas selectivas serán os establecidos pola Administración do Estado (artigo 100.2 LRBRL).

É de aplicación, polo tanto, o Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local. O seu contido ten a consideración de normativa básica, no sentido previsto no artigo 149.1.18ª da CE, a excepción dos artigos e/ou apartados que se detallan na súa Disposición Final Primeira. Cabe destacar as seguintes particularidades:

- O contido do anuncio da convocatoria que se publique no Boletín Oficial do Estado terá o contido previsto no artigo 6.2.
- A resolución das probas selectivas e os correspondentes nomeamentos efectuaranse de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante (artigo 7).
- Os programas dos exercicios teóricos de selección serán aprobados por cada Concello e conterán materias comúns e materias específicas na proporción que determine a convocatoria (artigo 8.1).
- O contido mínimo dos programas será o establecido no artigo 8.2. A súa extensión e profundidade adecuarase ós niveis de titulación esixidos e á especialidade profesional da correspondente Escala, Subescala ou Clase de funcionarios. Cada concello poderá engadir os temas que considere necesarios para garantir a selección dos/as aspirantes mais cualificados para o desempeño das prazas convocadas (artigo 8.4).
- O número mínimo de temas en que deberán desenvolverse os contidos mínimos será o esixido polo artigo 8.3 (20 temas para o ingreso no Grupo D).
- As probas selectivas comprenderán, segundo a natureza e características das prazas convocadas, un ou varios exercicios prácticos, test psicotécnicos, mecanografía, tratamento de textos, redacción de informes e proxectos, solución de supostos e outros similares que se consideren axeitados para xulgar a preparación dos/as aspirantes en relación aos postos de traballo a desempeñar (artigo 9).

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

Concello de Ribeira

Non obstante, cómpre ter en conta o disposto nos artigos 77 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo e 80.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que establecen a exención na fase de oposición das probas encamiñadas a acreditar os coñecementos xa esixidos no corpo ou escala de orixe e reducir o temario:

- Artigo 77 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo: "*En las convocatorias podrá establecerse la exención de las pruebas sobre aquellas materias cuyo conocimiento se haya acreditado suficientemente en las de ingreso al Cuerpo o Escala de origen.*
- Artigo 80.3 da Lei 2/2025, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: "*As convocatorias dos proceso selectivos poderán eximir total ou parcialmente o persoal que participe neles polo sistema de promoción interna vertical dalguna das probas selectivas exixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, e poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia ou o órgano competente da Administración pública respectiva.*"

OITAVA.- **Órgano municipal competente.**

O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 17/11/2026, e **visto** o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/11/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para cubrir en propiedade, por promoción interna, unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UNIDADE DE SECRETARÍA E ACTAS (persoal funcionario de carreira, código RPT vixente 01.920.02.01) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2026.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no "*Boletín Oficial da Provincia*" de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDADE, POR PROMOCIÓN INTERNA, UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UNIDADE DE SECRETARÍA E ACTAS EN DESENVOLVEMENTO DA OPE 2026.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2026, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 26/06/2026 e publicada no DOG número 151 do 12/08/2026 e no BOP da Coruña número 122 do 01/07/2026, e réxese polas seguintes normas:

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a cobertura en propiedade, a través do sistema selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN por PROMOCIÓN INTERNA, dunha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UNIDADE DE SECRETARÍA E ACTAS, pertencente ó cadro de persoal de funcionarios/as de carreira, encadrada na Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2, nivel 18.

A praza convocada correspondese co posto establecido na Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira en vigor co código 01.920.02.01, da área de servizos xerais, unidade de secretaría e actas.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

As funcións propias do posto obxecto da convocatoria, segundo dispón a relación de postos de traballo vixente son as seguintes:

- Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden.
- Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes.
- Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes.
- Redactar oficios simples.
- Realizar tarefas de atención ó público en xeral.
- Transcribir documentos.
- Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes.
- Control e reposición do material de oficina do seu departamento.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) **Ter a nacionalidade española,** sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) **Ter feitos os 16 anos** e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) **Ser persoal ó servizo do Concello de Ribeira, coa condición actual de funcionario/a de carreira pertencente ó grupo profesional "Agrupación Profesional", Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna.**

d) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **da seguinte titulación: graduado en ESO ou equivalente**, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 19/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 20/11/2026 10:18:36

DOCUMENTO: 20261951576
Fecha: 20/11/2026
Hora: 10:18

e) **Ter prestado servizos efectivos como persoal funcionario/a de carreira pertencente ó grupo profesional "Agrupación Profesional", Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna desde o que se promociona, durante un período mínimo de dous anos.**

f) **Estar en posesión do Celga 2** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.

g) **Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.

h) **Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade**, conforme á normativa vixente.

i) **Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública** ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta** ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros Estados**,** non acharse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

3ª.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 12,18 € de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
  - Tributo: **Dereitos de exame.**
  - A liquidar: **Grupo D ou asimilado.**
  - Observacións: Nome da praza á que se opta."

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "*Pagar on line*", ou "*imprimir recibo*" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

CSV: 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DC75800U5J0J5O0F3F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
